

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**9841** *Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.*

I

A Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, ten por obxecto establecer o réxime xurídico da investigación e aproveitamento dos xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos, calquera que for a súa orixe e estado físico.

O concepto de aproveitamento engloba o conxunto de actividades destinadas á explotación, preparación, concentración ou beneficio dun recurso mineral, incluíndo os labores de rehabilitación do espazo natural afectado polas actividades mineiras, de acordo cos principios de desenvolvemento sustentable e da minimización das afectacións causadas polos labores de explotación das minas.

De feito, a Lei de minas, de forma precursora, está imbuída dunha filosofía protectora do ambiente, cuxo thelos é que a obtención e o beneficio dun recurso natural, como son os recursos mineiros, só debe comprometer na menor contía posible a afectación ao ambiente. Ademais, actualmente existen numerosas tecnoloxías de aplicación na práctica mineira que permiten a rehabilitación dos terreos afectados polos labores de explotación, mellorando incluso as condicións iniciais para o seu uso. A necesidade de gardar o preciso equilibrio entre a obtención de recursos naturais e a práctica de tecnoloxías de rehabilitación de contornos obriga ao estudo particular de cada caso, con obxecto de ponderar as numerosas e moi diversas circunstancias que concorren en cada explotación e os requirimentos que derivan das características do seu contorno natural, variables dun lugar a outro.

O punto de partida de todas estas formulacións encontrámolo no artigo 5.3 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, segundo o cal o Ministerio de Industria (hoxe Ministerio de Industria, Turismo e Comercio) realizará os estudos oportunos para fixar as condicións de protección do ambiente, que serán imperativas no aproveitamento do conxunto dos recursos minerais que son obxecto da Lei de minas.

Xa en 1982 se promulgou o Real decreto 2994/1982, do 15 de outubro, sobre restauración do espazo natural afectado por actividades mineiras, no cal a protección e conservación do ambiente afectado polos labores mineiros foron prioritarias. Este real decreto desenvolveuse segundo a Orde ministerial do 20 de novembro de 1984 e complementouse co Real decreto 1116/1984, do 9 de maio, sobre restauración do espazo natural afectado polas explotacións de carbón a ceo aberto e o aproveitamento racional destes recursos enerxéticos, desenvolvido pola Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 13 de xuño de 1984, sobre normas para a elaboración dos plans de explotación e restauración do espazo natural afectado polas explotacións de carbón a ceo aberto e o aproveitamento racional destes recursos enerxéticos.

Posteriormente, a Orde do 22 de marzo de 1988 pola que se aproban instrucións técnicas complementarias dos capítulos II, IV e XIII do Regulamento xeral de normas básicas de seguranza mineira, aprobou a Instrución técnica complementaria 13.0.01 do capítulo XIII do citado regulamento «Suspensión e abandono de labores» e a Orde do 26 de abril de 2000 aprobou a Instrución técnica complementaria 08.02.01 do capítulo XII do Regulamento xeral de normas básicas de seguranza mineira «Depósitos de lodos en procesos de tratamento de industrias extractivas». Estas dúas normas están tamén claramente vinculadas coa protección e conservación do ambiente afectado polos labores das minas e beneficio dos recursos naturais minerais.

Con data do 11 de abril de 2006 foi publicada no «Diario Oficial de la Unión Europea» a Directiva 2006/21/CE do Parlamento e do Consello, do 15 de marzo de 2006, sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e pola que se modifica a Directiva 2004/35/CE.

A Directiva 2006/21/CE responde aos obxectivos da política comunitaria de ambiente, segundo a cal é necesario establecer requisitos mínimos para previr ou reducir na medida do posible calquera efecto adverso sobre o ambiente e a saúde humana derivado da xestión de residuos de industrias extractivas, tales como son os estériles de mina, gangas do todo un, refugos e as colas de proceso e incluso a terra vexetal e coberteira en determinadas condicións, sempre que constitúan residuos tal e como se definen na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

Todo iso de conformidade co número 24 do Plan de aplicación de Johannesburgo sobre o desenvolvemento sustentable, aprobado no marco das Nacións Unidas no Cumio Mundial do ano 2002, segundo o cal é necesario protexer os recursos naturais que son a base do desenvolvemento económico e social e inverter a actual tendencia cara á degradación dos recursos naturais xestionando a base de tales recursos de modo sustentable e integrado.

A incorporación ao ordenamento interno español da Directiva 2006/21/CE, sobre a xestión dos residuos de industrias extractivas, lévase a cabo, con carácter básico, mediante este real decreto, a través do cal tamén se pretenden unificar e mellorar as disposicións relativas á protección do ambiente no ámbito da investigación e aproveitamento dos recursos minerais regulado pola Lei de minas.

Neste sentido, é preciso recordar que o Real decreto 2994/1982, do 15 de outubro, regula a restauración de espazos naturais afectados polas actividades mineiras e incorpora no seu articulado a necesidade de realizar un proxecto de almacenamento dos residuos xerados polas ditas actividades. Ademais, o capítulo VIII do Regulamento xeral de normas básicas de seguranza mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, establece nos artigos 118 e 119 que as entulleiras, os depósitos de residuos, balsas e diques de estériles, calquera que for a súa procedencia, se establecerán de acordo cun proxecto debidamente aprobado que considere a súa estabilidade temporal e definitiva.

A Directiva 2006/21/CE exige a rehabilitación das zonas onde se localizasen as instalacións de residuos mineiros, ao igual que a lexislación mineira española preexistente.

A incidencia desta directiva no noso ordenamento xurídico xustifica que mediante este real decreto se pretenda unificar e mellorar, en total ou en parte, as seguintes disposicións: Real decreto 2994/1982, do 15 de outubro, sobre restauración do espazo natural afectado por actividades mineiras; Orde ministerial do 20 de novembro de 1984, Real decreto 1116/1984; do 9 de maio, sobre restauración do espazo natural afectado polas explotacións de carbón a ceo aberto e o aproveitamento racional destes recursos enerxéticos; Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 13 de xuño de 1984; Orde do 26 de abril de 2000 pola que se aproba a Instrución técnica complementaria 08.02.01 do capítulo XII de Regulamento xeral de normas básicas de seguranza mineira «Depósitos de lodos en procesos de tratamento de industrias extractivas».

Respecto a esta última norma, débese destacar que este real decreto adecua as súas disposicións ás previsións da Directiva 2006/21/CE, ben que conserva nalgúns puntos o maior grao de restrición previsto na citada orde.

En resumo, a incorporación da Directiva 2006/21/CE ao ordenamento interno español non se fixo copiando o seu texto cun alto grao de literalidade, senón mediante unha elaboración conceptual que unifica e mellora as súas disposicións coas disposicións doutras normas aplicables vixentes.

Por outra parte é necesario engadir que as disposicións do Real decreto 1116/1984, do 9 de maio, sobre restauración do espazo natural afectado polas explotacións de carbón a ceo aberto e o aproveitamento racional destes recursos enerxéticos, desenvolvido por Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 13 de xuño de 1984, sobre normas para a elaboración dos plans de explotación e restauración do espazo natural afectado polas explotacións de carbón a ceo aberto e o aproveitamento racional destes recursos

enerxéticos, relativas aos plans de explotación, deben manter a súa vixencia pois non se refiren á rehabilitación do espazo afectado. Por ese motivo incorporouse a regulación dos plans de explotación, para maior claridade e mellor sistemática normativa, na disposición adicional cuarta deste real decreto.

Por último, cabe engadir que as actividades de investigación ou explotación de hidrocarburos estarán reguladas por este real decreto unicamente no relativo á xestión dos residuos que xeren. Naquilo non regulado nesta disposición será de aplicación a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

## II

Respecto ao contido desta norma, no título preliminar establécense as disposicións de carácter xeral, como o seu obxecto e ámbito de aplicación, que se estende subxectivamente a aqueles que realicen actividades de investigación e aproveitamento reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, os cales quedan obrigados a realizar, cos seus medios, os traballos de rehabilitación do espazo natural afectado tanto polos labores mineiros como polos seus servizos e instalacións anexas, incluídos aqueles onde se deban depositar os residuos mineiros.

Desde un punto de vista obxectivo, o real decreto regula a xestión dos residuos das industrias extractivas en terra firme, é dicir, os residuos resultantes das actividades de investigación e aproveitamento reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

Por tanto, as disposicións deste real decreto non se aplican a aqueles fluxos de residuos xerados polas actividades de investigación e aproveitamento que non estean directamente relacionados coa actividade mineira, tales como os residuos alimentarios, os aceites usados, os vehículos ao final da súa vida útil e as pilas e os acumuladores gastados, etc. A xestión dos ditos residuos débese rexer pola súa propia lexislación, tal é a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e a lexislación que corresponda de vertedura de residuos, como é o caso dos residuos mineiros que posteriormente se trasladen a outro lugar que non sexa unha instalación de residuos mineiros no sentido deste real decreto.

Tampouco é de aplicación este real decreto aos residuos resultantes da investigación e aproveitamento submarino de recursos minerais ao abeiro da Lei de minas, nin á inxección de augas e a reinxección de augas subterráneas.

Algúns tipos de residuos mineiros están suxeitos a un menor número de requisitos tendo en conta os seus menores riscos ambientais. Non obstante, non hai ningunha excepción aplicable se os residuos mineiros se depositan nunha instalación da categoría A.

Ben que este real decreto abrangue tamén a xestión de residuos mineiros que poden ser radioactivos, non cobre, porén, aqueles aspectos específicos da radioactividade que se abordan no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica.

## III

O título I regula o plan de restauración. Nos seus capítulos I e II establécense os principios de actuación que presiden o outorgamento da autorización do plan de restauración por parte da autoridade competente en minaría.

Por causa da natureza especial da xestión dos residuos mineiros, é necesario introducir procedementos específicos de solicitude e concesión de autorizacións, integrados nos existentes, en relación coas instalacións de residuos utilizadas para recibilos. Ademais, tomáronse as medidas necesarias para garantir que as autoridades competentes volven considerar as condicións de autorización de forma periódica, en caso de ser necesario.

Finalmente garantiuse que, de acordo coa Convención das Nacións Unidas sobre o acceso á información, a participación pública na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de ambiente, do 25 de xuño de 1998 (Convención de Aarhus), o público sexa informado de toda solicitude de autorización de plan de restauración que inclúe o plan de

xestión de residuos e que o público interesado sexa consultado previamente á concesión dunha autorización do plan de restauración.

Nos capítulos III e IV do título I desenvólense os obxectivos e contidos do plan de restauración e descríbense as súas partes, con especial atención ao plan de xestión de residuos mineiros.

Convén resaltar, antes de nada, que se mantivo o concepto de «plan de restauración» de acordo coa terminoloxía tradicional derivada do artigo 45.2 da Constitución, ben que no texto se utiliza o concepto de rehabilitación, máis exacto e acertado, pois rehabilitación defínese como o tratamento do terreo afectado polas actividades mineiras de forma que se devolva o terreo a un estado satisfactorio, en particular no que se refire, segundo os casos, á calidade do solo, a fauna, os hábitats naturais, os sistemas de auga doce, a paisaxe e os usos beneficiosos apropiados.

Cómpre destacar tamén a adaptación levada a cabo neste real decreto da nomenclatura utilizada pola Directiva 2006/21/CE ás denominacións das distintas operacións mineiras tal e como se definen tanto na Lei de minas como nas disposicións ambientais de aplicación existentes.

As disposicións destes capítulos teñen por finalidade garantir que as entidades explotadoras do sector das industrias extractivas toman todas as medidas necesarias para prever ou reducir na medida do posible os efectos reais ou potenciais negativos para o ambiente e a saúde das persoas como consecuencia da xestión dos residuos mineiros en particular e da actividade mineira en xeral.

Tamén se asegura que tales entidades elaboren plans apropiados de xestión dos residuos para a prevención ou minimización, o tratamento, a recuperación e a eliminación de residuos mineiros. Estes plans débense estruturar de forma que aseguren a planificación adecuada das opcións de xestión dos residuos con vistas a minimizar a súa xeración de residuos e a súa nocividade e a fomentar a súa recuperación. Ademais, os residuos das industrias extractivas débense caracterizar segundo a súa composición para garantir que, na medida do posible, reaccionen soamente de forma previsible.

Para minimizar a posibilidade de que se produzan accidentes e para garantir un nivel elevado de protección do ambiente e da saúde das persoas, exíxese que cada entidade explotadora dunha instalación de residuos da categoría A adopte e aplique unha política de prevención de accidentes graves relacionados cos residuos mineiros. No que se refire ás medidas preventivas, isto implica o establecemento dun sistema de xestión da seguranza e a entrega de plans de emerxencia en caso de accidente, así como a difusión de información de seguranza ás persoas que se puidesen ver afectadas por un accidente grave. En caso de accidente, as entidades explotadoras son obrigadas a lles facilitar ás autoridades competentes toda a información pertinente para atenuar os danos reais ou potenciais ao ambiente. Estes requisitos particulares non se deben aplicar ás instalacións de residuos procedentes das industrias extractivas incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas e posteriores modificacións.

Unha instalación de residuos mineiros non se debe clasificar na categoría A unicamente en función dos riscos para a protección da seguranza e a saúde dos traballadores das industrias extractivas cubertas por outras lexislacións.

Cómpre sinalar claramente os requisitos que se deben exixir ás instalacións de residuos mineiros en canto á súa localización, explotación, seguimento, peche, clausura e medidas de prevención e de protección que se deben tomar contra todo dano ao ambiente, desde unha perspectiva a curto e a longo prazo, e máis especialmente contra a contaminación das augas subterráneas pola infiltración de lixiviados no solo.

Cómpre definir claramente as clases de instalacións de residuos da categoría A utilizadas para os residuos mineiros, tendo en conta os efectos probables da contaminación resultante do funcionamento desas instalacións ou de accidentes que impliquen a fuga de residuos da instalación.

Por outra parte, os residuos mineiros colocados nos ocios das explotacións para a súa rehabilitación ou con fins de construción relacionados coas actividades de aproveitamento do recurso mineiro, como a construción ou o mantemento de ocios para o acceso de maquinaria, ramplas de transporte, canais perimetrais, barreiras de seguranza ou muros de sostemento tamén se teñen que someter a determinados requisitos para protexer as augas superficiais e subterráneas, asegurar a estabilidade dos ditos residuos e garantir un seguimento adecuado con posterioridade ao cesamento das ditas actividades. Por conseguinte, os residuos citados non deben estar suxeitos aos requisitos deste real decreto relativos exclusivamente ás «instalacións de residuos mineiros», salvo os requisitos que se mencionan de forma expresa na súa disposición específica.

Con vistas a asegurar a construción e o mantemento apropiados das instalacións de residuos mineiros, é responsabilidade da entidade explotadora garantir que o deseño, a decisión sobre a localización e a construción das instalacións de residuos mineiros sexan elaborados por técnicos coa titulación exixida por lei. Ademais, a xestión das instalacións estará a cargo do director facultativo, de acordo co artigo 117.3 da Lei de minas. En caso de se subcontrataren a empresas externas os traballos de xestión da instalación de residuos, a supervisión sobre eles tamén recaerá na figura do director facultativo. Ademais, as autoridades competentes deben poder comprobar á súa satisfacción que as entidades explotadoras toman as medidas adecuadas con respecto á construción e do mantemento de calquera nova instalación de residuos ou con respecto a calquera ampliación ou modificación dunha instalación de residuos existente, incluída a fase posterior ao peche e clausura.

Establecéronse procedementos de control durante a fase de explotación ou operación e a fase de mantemento e control posteriores á clausura das instalacións de residuos mineiros. Tamén se estableceu un período de xestión posterior ao peche e clausura para o mantemento e o control das instalacións de residuos mineiros, proporcional ao risco que representa cada instalación de residuos individual, conforme o que prescribe a lexislación relativa á vertedura de residuos.

Definíronse o momento e as modalidades de peche e clausura das instalacións de residuos mineiros e establecéronse as obrigas e responsabilidades da entidade explotadora durante o período posterior á clausura.

As entidades explotadoras das industrias extractivas deberán aplicar as mellores técnicas dispoñibles de seguimento e control da xestión para previr a contaminación da auga e o solo e identificar calquera efecto adverso que as súas instalacións de residuos mineiros poidan ter sobre o ambiente e a saúde das persoas. Ademais, co fin de reducir ao mínimo a contaminación da auga, a vertedura de residuos en calquera masa de auga débese efectuar de acordo coas disposicións da Lei de augas. Ademais, á vista dos seus efectos nocivos e tóxicos, é necesario reducir as concentracións de cianuro e de compostos de cianuro procedentes de determinadas industrias extractivas aos niveis máis baixos posibles mediante as mellores técnicas dispoñibles. Débense establecer en consecuencia limiares máximos de concentración para previr eses efectos, en calquera caso, seguindo os requisitos específicos deste real decreto.

Ademais, faise especial mención ao plan de emerxencia exterior que deberá realizar a autoridade competente cando a investigación e aproveitamento de recursos minerais comporte unha instalación de residuos da categoría A. O plan de emerxencia exterior elaborárase antes da autorización do plan de restauración e nel deberán especificar as medidas que se deban tomar fóra da área mineira.

#### IV

No título II desenvólvense as disposicións relacionadas coa responsabilidade ambiental do titular da investigación e aproveitamento de recursos minerais.

A entidade explotadora está obrigada a constituír dúas garantías financeiras ou equivalentes para asegurar o cumprimento do disposto no plan de restauración autorizado.

A primeira garantía financeira ou equivalente está destinada a asegurar que a entidade explotadora poida facer fronte ás obrigas derivadas da autorización do plan de restauración no que respecta á explotación e ás instalacións de preparación, concentración e beneficio dos recursos minerais. Esta garantía financeira ou equivalente debe ser suficiente para cubrir o custo de rehabilitación, por un terceiro independente e convenientemente cualificado, dos terreos afectados pola explotación e as instalacións de preparación, concentración e beneficio asociadas.

A segunda garantía financeira ou equivalente está destinada a asegurar que a entidade explotadora pode facer fronte a todas as obrigas derivadas do cumprimento das condicións impostas na autorización do plan de restauración para a xestión e a rehabilitación do espazo natural afectado polas instalacións de residuos mineiros, incluídas as relacionadas co seu peche e clausura. Esta garantía financeira ou equivalente debe ser suficiente para cubrir o custo de rehabilitación, por un terceiro independente e convenientemente cualificado, dos terreos afectados polas instalacións de residuos, incluídas as instalacións de residuos en si mesmas, tal e como se describe no plan de xestión de residuos. Esta garantía establecerase antes do inicio das operacións de vertedura nas instalacións de residuos mineiros e axustarase periodicamente.

Sobre as instalacións de residuos mineiros tamén existe a garantía financeira asociada á responsabilidade ambiental regulada pola Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, a cal non é obxecto deste real decreto.

No caso da explotación de instalacións de residuos mineiros que poidan ter efectos transfronteirizos adversos significativos sobre o ambiente ou calquera outro risco para a saúde humana no territorio doutro Estado membro, desde o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación facilitaranse as consultas entre países veciños. Débese garantir que haxa un intercambio adecuado de información entre as autoridades e que o público afectado estea debidamente informado das instalacións de residuos que puidesen ter efectos adversos para o ambiente no outro Estado membro.

## V

No título III deste real decreto garantiuse que as autoridades competentes organicen un sistema eficaz de inspeccións ou medidas de control equivalentes respecto á investigación e o aproveitamento de recursos minerais e, en concreto, ás instalacións de residuos mineiros. Sen prexuízo das obrigas impostas na autorización do plan de restauración á entidade explotadora, antes do inicio das verteduras nas instalacións debe haber unha inspección para comprobar que se cumpren as condicións da autorización. Ademais, asegúrase que as entidades explotadoras e os seus sucesores leven un libro rexistro actualizado das ditas instalacións de residuos e que as entidades explotadoras transmitan aos seus sucesores información relativa ao estado da instalación de residuos, datos de control e ás actividades efectuadas nela.

## VI

No título IV exprésase que o réxime sancionador aplicable en caso de incumprimento do disposto neste real decreto está determinado na Lei de minas; na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no referente á xestión dos residuos mineiros, e na Lei 26/2007, do 23 de outubro, no referente á responsabilidade ambiental, cumpríndose así os preceptos da directiva. Esas sancións teñen o obxectivo de ser efectivas, proporcionadas e disuasorias.

## VII

No prazo de catro anos elaborárase un inventario das instalacións de residuos mineiros clausuradas, incluídas as instalacións abandonadas, situadas en territorio español, co fin de determinar aquelas que teñan un impacto ambiental negativo grave ou que se poidan

converter a medio ou curto prazo nunha ameaza para a saúde das persoas ou para o ambiente. Este inventario servirá de base a un programa de medidas adecuado no ámbito das competencias estatais e das comunidades autónomas.

A Comisión Europea prevé un intercambio apropiado de información científica e técnica sobre a forma de elaborar o inventario das instalacións de residuos mineiros clausuradas en cada Estado membro e sobre o desenvolvemento de metodoloxías para asistir os Estados membros no cumprimento da Directiva de xestión de residuos das industrias extractivas no que se refire á rehabilitación de instalacións de residuos clausuradas. Ademais, prevé un intercambio de información nos Estados membros, e entre eles, sobre as mellores técnicas dispoñibles.

Tamén se tiveron en conta as instalacións de residuos mineiros existentes no momento da incorporación ao dereito español da Directiva 2006/21/CE co fin de que sexan tomadas as medidas necesarias, dentro do prazo especificado, para a súa adaptación aos requisitos que esta contén, traspostos neste real decreto.

Consultáronse as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla e, así mesmo, os sectores máis representativos potencialmente afectados, e recolléronse deles as súas achegas e melloras. Ademais, sobre este real decreto emitiu informe a Comisión Nacional de Protección Civil.

A regulación da xestión de residuos procedentes de explotacións mineiras prevista neste real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre lexislación básica sobre protección do ambiente. Pola súa vez, a regulación da rehabilitación do espazo afectado polo resto das actividades das explotacións mineiras prevista neste real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases do réxime mineiro e enerxético.

A este respecto cabe sinalar que a regulación que se aproba ten carácter de normativa básica e recolle previsións de carácter marcadamente técnico, polo que a lei non resulta un instrumento idóneo para o seu establecemento, e encóntrase xustificada a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xuño de 2009

## DISPOÑO:

Índice.

Título preliminar.

Disposicións xerais.

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

Título I. Plan de restauración.

Capítulo I. Autorización do plan de restauración.

Artigo 3. Plan de restauración: requisitos xerais e contidos.

Artigo 4. Solicitude de autorización do plan de restauración.

Artigo 5. Autorización do plan de restauración.

Artigo 6. Participación pública.

Artigo 7. Revisión do plan de restauración.

Capítulo II. Autorizacións de supostos especiais

Artigo 8. Coutos mineiros.

- Artigo 9. Seccións B) da Lei de minas.
- Artigo 10. Permisos de investigación da Lei de minas.
- Artigo 11. Establecementos de beneficio temporais non vinculados a explotacións mineiras.
- Capítulo III. Partes I, II e III do plan de restauración.
- Artigo 12. Parte I: descrición detallada do contorno previsto para levar a cabo os labores mineiros.
- Artigo 13. Parte II: medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos minerais.
- Artigo 14. Parte III: medidas previstas para a rehabilitación dos servizos e instalacións anexos á investigación e explotación de recursos minerais.
- Artigo 15. Abandono definitivo de labores de aproveitamento.
- Capítulo IV. Parte IV do plan de restauración: o plan de xestión de residuos.
- Sección 1.<sup>a</sup> Aspectos xerais do plan de xestión de residuos.
- Artigo 16. Alcance.
- Artigo 17. Obxectivos do plan de xestión de residuos mineiros.
- Artigo 18. Contido do plan de xestión de residuos mineiros.
- Artigo 19. Definición, contido e estrutura do proxecto construtivo das instalacións de residuos mineiros.
- Sección 2.<sup>a</sup> Elección do lugar para unha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 20. Elección do lugar para unha instalación de residuos mineiros.
- Sección 3.<sup>a</sup> Estudos da área elixida para situar a instalación de residuos mineiros.
- Artigo 21. Estudos da área elixida para situar a instalación de residuos mineiros.
- Artigo 22. Estudo xeolóxico-xeotécnico do lugar en que se encontra unha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 23. Estudo hidroxolóxico do lugar en que se encontra unha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 24. Estudo hidrolóxico do lugar en que se encontra unha instalación de residuos mineiros.
- Sección 4.<sup>a</sup> Deseño e construción dunha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 25. Deseño e construción dunha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 26. Estudo dos materiais que se van empregar na construción.
- Artigo 27. Estudos de estabilidade xeotécnica.
- Artigo 28. Estudos sismolóxicos e sismorresistentes.
- Artigo 29. Proxecto construtivo de instalacións de residuos mineiros non incluídas na categoría A.
- Sección 5.<sup>a</sup> Explotación ou operación dunha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 30. Explotación ou operación dunha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 31. Dirección facultativa.
- Sección 6.<sup>a</sup> Seguimento e inspeccións periódicas dunha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 32. Seguimento e inspeccións periódicas dunha instalación de residuos mineiros.
- Sección 7.<sup>a</sup> Peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 33. Peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros.
- Artigo 34. Proxecto de peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros.



Sección 8.<sup>a</sup> Mantemento e control posterior á clausura dunha instalación de residuos mineiros.

Artigo 35. Mantemento e control posterior á clausura dunha instalación de residuos mineiros.

Sección 9.<sup>a</sup> Outros contidos.

Artigo 36. Reutilización ou eliminación dos residuos mineiros depositados na instalación.

Artigo 37. Política de prevención de accidentes graves.

Artigo 38. Sistema de xestión da seguranza.

Artigo 39. Plan de emerxencia interior.

Artigo 40. Plan de emerxencia exterior.

Título II. Garantías financeiras ou equivalentes

Artigo 41. Xeneralidades.

Artigo 42. Garantía financeira ou equivalente para a rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais.

Artigo 43. Garantía financeira ou equivalente para o cumprimento das condicións impostas na autorización do plan de restauración para a xestión e a rehabilitación do espazo natural afectado polas instalacións de residuos mineiros.

Título III. Inspeccións e efectos transfronteirizos.

Artigo 44. Inspeccións pola autoridade competente.

Artigo 45. Efectos transfronteirizos.

Título IV. Réxime sancionador.

Artigo 46. Réxime sancionador.

Disposición adicional primeira. Reservas do Estado.

Disposición adicional segunda. Inventarios.

Disposición adicional terceira. Melloras técnicas dispoñibles.

Disposición adicional cuarta. Explotacións de carbón a ceo aberto. Aproveitamento racional destes recursos enerxéticos.

Disposición adicional quinta. Obriga de informar a Comisión Europea.

Disposición adicional sexta. Recoñecemento de garantías.

Disposición transitoria primeira. Instalacións de residuos mineiros en funcionamento.

Disposición transitoria segunda. Expedientes en tramitación.

Disposición transitoria terceira. Prazo máximo para a constitución da garantía financeira ou equivalente para a rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Incorporación de dereito comunitario europeo.

Disposición derradeira segunda. Carácter básico e título competencial.

Disposición derradeira terceira. Habilitación para a actualización dos anexos.

Anexo I.a. Caracterización de residuos mineiros.

Anexo I.b. Definición de residuos mineiros inertes.

Anexo II. Clasificación de instalacións de residuos mineiros.

Anexo III. Organismos de control.

Anexo IV. Garantías financeiras e inspeccións.

Anexo V. Normas para a elaboración dos plans de explotación na minaría do carbón a ceo aberto.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o establecemento de medidas, procedementos e orientacións para previr ou reducir na medida do posible os efectos adversos que sobre o ambiente, en particular sobre as augas, o aire, o solo, a fauna, a flora e a paisaxe, e os riscos para a saúde humana poidan producir a investigación e aproveitamento dos xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos, e, fundamentalmente, a xestión dos residuos mineiros.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto será de aplicación a todas as actividades de investigación e o aproveitamento dos xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos.

Entenderase por investigación o conxunto de traballos realizados dentro dun perímetro demarcado e durante un prazo determinado, encamiñados a poñer de manifesto un ou varios recursos xeolóxicos regulados na Lei de minas.

Entenderase por aproveitamento o conxunto de actividades destinadas á explotación, almacenamento, preparación, concentración ou beneficio dos xacigos minerais e demais recursos xeolóxicos regulados na Lei de minas, incluíndo os labores de rehabilitación dos espazos afectados pola actividade mineira.

Este real decreto será de aplicación ás actividades de investigación e explotación de hidrocarburos unicamente no referente ás disposicións relativas á xestión dos residuos que deriven delas e adaptadas ás súas condicións particulares.

2. A entidade explotadora, titular ou arrendataria do dereito mineiro orixinal ou transmitido, que realice actividades de investigación e aproveitamento reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, queda obrigada a realizar, cos seus medios, os traballos de rehabilitación do espazo natural afectado polos labores mineiros así como polos seus servizos e instalacións anexas, nos termos que prevé este real decreto. Así mesmo, deberá abordar a xestión dos residuos mineiros que a súa actividade xere enfocada á súa redución, tratamento, recuperación e eliminación.

3. Naquilo non regulado nesta disposición en relación cos residuos mineiros será de aplicación a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

4. Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste real decreto:

a) As actividades de investigación e aproveitamento submarino de recursos minerais.

b) A inxección de augas que conteñan substancias resultantes da investigación e aproveitamento de recursos minerais, así como a inxección de augas por razóns técnicas en formacións xeolóxicas das cales se extraese algunha substancia incluída no ámbito de aplicación da Lei de minas, ou en formacións xeolóxicas que por razóns naturais non sexan apropiadas, de maneira permanente, para outros fins. Tales reinxeccións non conterán substancias distintas das resultantes das ditas operacións.

c) A reinxección de augas subterráneas bombeadas procedentes de minas e canteiras.

## TÍTULO I

### Plan de restauración

#### CAPÍTULO I

#### Autorización do plan de restauración

Artigo 3. *Plan de restauración: requisitos xerais e contidos.*

1. A entidade explotadora está obrigada a tomar todas as medidas necesarias para previr ou reducir no posible calquera efecto negativo sobre o ambiente e sobre a saúde das persoas derivado da investigación e aproveitamento de recursos minerais. Esas medidas estarán baseadas nas mellores técnicas dispoñibles e incluírán a xestión dos residuos mineiros e de todas as instalacións de residuos tamén con posterioridade ao seu peche, cando proceda, así como a prevención de accidentes graves que poidan ocorrer nas instalacións, e a limitación das súas consecuencias para o ambiente e a saúde humana.

2. Queda prohibido o abandono, vertedura ou depósito incontrolado de residuos mineiros.

3. Co fin de reducir a un mínimo durante o desenvolvemento da explotación os efectos negativos ocasionados ao medio e os riscos de diferir a rehabilitación ata fases máis avanzadas daquela, no plan de restauración deberanse xustificar as fases da rehabilitación prevista. En todo caso, os plans de restauración e explotación coordinaranse de forma que os traballos de rehabilitación se leven tan adiantados como sexa posible a medida que se efectúe a explotación.

Unicamente se autorizará o inicio da rehabilitación ao final da vida da explotación en casos debidamente xustificadas e documentados para os efectos de poder levar a cabo tecnicamente os labores de explotación.

4. O plan de restauración estará estruturado tal e como se describe a continuación, e conterá, como mínimo:

Parte I: descrición detallada do contorno previsto para levar a cabo os labores mineiros.

Parte II: medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos minerais.

Parte III: medidas previstas para a rehabilitación dos servizos e instalacións anexos á investigación e explotación de recursos minerais.

Parte IV: plan de xestión de residuos.

Parte V: calendario de execución e custo estimado dos traballos de rehabilitación.

5. Todo plan de restauración, no cal se inclúe o plan de xestión de residuos, deberá estar dirixido e asinado por un técnico competente coa titulación exixida pola lei.

6. Así mesmo, todos os estudos técnicos de apoio, ensaios, análises, etc. encargados para a elaboración do plan de restauración e que nel se xunten deberán ser desenvolvidos e asinados por técnicos competentes, sen prexuízo de que o técnico asinante do plan os faga seus ao incluílos na documentación presentada.

7. Para os efectos deste real decreto entenderase por:

a) **Rehabilitación:** o tratamento do terreo afectado polas actividades mineiras de forma que se devolva o terreo a un estado satisfactorio, en particular no que se refire, segundo os casos, á calidade do solo, a fauna, os hábitats naturais, os sistemas de auga doce, a paisaxe e os usos beneficiosos apropiados.

b) **Entidade explotadora:** aquela que realice calquera actividade regulada na Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas.

c) **Residuos mineiros:** aqueles residuos sólidos ou aqueles lodos que quedan tras a investigación e o aproveitamento dun recurso xeolóxico, tales como son os estériles de mina, gangas do todo un, refugos, subprodutos abandonados e as colas de proceso e

incluso a terra vexetal e coberteira en determinadas condicións, sempre que constitúan residuos tal e como se definen na Lei 10/1998, de residuos.

d) Residuos mineiros perigosos: aqueles residuos mineiros cualificados como perigosos na lexislación vixente de residuos perigosos.

e) Residuo mineiro inerte: aquel que non experimente ningunha transformación física, química ou biolóxica significativa. Os residuos inertes non son solubles nin combustibles, nin reaccionan física nin quimicamente de ningunha outra maneira, nin son biodegradables, nin afectan negativamente outras materias coas cales entran en contacto, de forma que poidan provocar a contaminación do ambiente ou prexudicar a saúde humana. A lixivialidade total, o contido de contaminantes neles e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes e, en particular, non deberán supoñer risco para a calidade das augas superficiais nin subterráneas. As características específicas dos residuos mineiros inertes desenvólvense no anexo I.b.

f) Solo non contaminado: aquel que se retira da capa superior do terreo durante a investigación e aproveitamento e que, conforme a lexislación vixente, se considera que non está contaminado. Xeralmente comprende a terra vexetal e a coberteira previa ao estéril de mina.

g) Instalación de residuos mineiros: calquera zona designada para a acumulación ou o depósito de residuos mineiros, tanto en estado sólido como líquido ou en solución ou suspensión, para prazos das seguintes duracións:

1.º Sen prazo ningún para as instalacións de residuos mineiros de categoría A e as instalacións de residuos mineiros caracterizados como perigosos no plan de xestión de residuos mineiros.

2.º Un prazo de máis de seis meses para instalacións de residuos mineiros perigosos xerados que non estaban previstos.

3.º Un prazo superior a un ano para as instalacións de residuos mineiros non inertes non perigosos.

4.º Un prazo superior a tres anos no caso das instalacións destinadas a solo non contaminado, residuos non perigosos procedentes de labores de investigación, residuos mineiros inertes e residuos mineiros resultantes do aproveitamento da turba.

Considérase que forman parte das ditas instalacións calquera presa ou outra estrutura que sirva para conter, reter ou confinar residuos mineiros ou teña outra función na instalación, así como, entre outras cousas, as entulleiras e as balsas. Os ocios de explotación enchidos completamente con residuos mineiros tras o aproveitamento do mineral con fins de rehabilitación ou de construción non teñen a consideración de instalacións de residuos mineiros, ben que están suxeitos ao disposto no artigo 13.

h) Público: unha ou varias persoas físicas ou xurídicas e as asociacións, organizacións ou grupos desas persoas.

i) Público interesado: público afectado, ou que se poida ver afectado polo proceso decisorio deste real decreto, ou que teña un interese nel. Consideraranse interesados no proceso as organizacións non gobernamentais de ámbito ambiental, sempre que cumpran as disposicións vixentes previstas que lles sexan de aplicación.

j) Entulleira: unha instalación de residuos mineiros construída para o depósito de residuos mineiros sólidos en superficie.

k) Balsa: unha instalación de residuos mineiros natural ou construída para a eliminación de residuos mineiros de gran fino xunto con cantidades diversas de auga libre, resultantes do tratamento e beneficio de recursos minerais e do aclarado e reciclaxe da auga usada para o dito tratamento e beneficio.

l) Cianuro dissociable en ácido débil: o cianuro e compostos de cianuro que se disocian cun ácido débil a un pH determinado.

m) Lixiviado: calquera líquido que se filtre a través dos residuos mineiros depositados e que proceda dunha instalación de residuos mineiros ou estea contido nela, incluída a drenaxe contaminada que poida ter un efecto negativo sobre o ambiente se non se trata adecuadamente.

n) Cambio substancial: todo cambio na estrutura ou o funcionamento dunha instalación de residuos mineiros que, ao xuízo da autoridade competente, poida ter importantes efectos negativos para a saúde das persoas ou para o ambiente.

ñ) Accidente grave: un acontecemento no lugar ocorrido durante unha operación que forme parte da xestión de residuos mineiros en calquera dos establecementos a que se aplica este real decreto, que entrañe para a saúde humana ou para o ambiente un perigo grave, xa sexa inmediato ou co tempo, no propio lugar ou fóra del.

o) Industria extractiva: todos os establecementos e empresas que practican a extracción en superficie ou subterránea de recursos minerais con fins comerciais, incluída a extracción mediante perforación ou o tratamento do material extraído.

p) Submarina: a zona do mar e do fondo do mar que se estende a partir da liña de baixamar de mareas normais ou medias cara ao mar.

q) Tratamento: preparación, concentración e beneficio. O proceso ou a combinación de procesos mecánicos, físicos, biolóxicos, térmicos ou químicos que se aplican aos recursos minerais co fin de extraer o mineral, e que inclúe o cambio de tamaño, a clasificación, a separación, o lixiviado e o reprocesamento de residuos mineiros previamente refugados, pero exclúe as operacións de fusión, os procesos industriais térmicos (distintos da incineración de pedra calcaria) e os procesos metalúrxicos.

r) Presa: unha estrutura construída e deseñada para conter auga ou residuos mineiros nunha balsa.

s) Melloras técnicas dispoñibles: as mellores técnicas dispoñibles tal e como se definen no artigo 2, número 11, da Directiva 96/61/CE.

t) Establecemento de beneficio: establecemento destinado á preparación, concentración e beneficio dos recursos minerais, segundo o disposto no artigo 112 da Lei de minas.

#### Artigo 4. *Solicitud de autorización do plan de restauración.*

1. Con carácter previo ao outorgamento dunha autorización, permiso ou concesión regulada pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o solicitante deberá presentar ante a autoridade competente en minaría un plan de restauración do espazo natural afectado polos labores mineiros cuxo contido se axustará ao establecido neste real decreto, tendo en conta os aspectos propios da súa actividade que poidan ter efectos negativos sobre o ambiente ou a saúde das persoas. O dito plan deberá acompañar a documentación correspondente á solicitude de autorización, permiso ou concesión.

O solicitante deberá acreditar ante a autoridade competente que, de acordo coa lexislación de contratos do sector público, dispón de capacidade e de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional suficiente para asegurar o cumprimento do plan de restauración.

2. Non se poderán outorgar autorizacións, permisos ou concesións reguladas pola Lei de minas sen ter autorizado un plan de restauración e, unha vez outorgados, non se poderán iniciar os traballos ata ter constituídas as correspondentes garantías financeiras ou equivalentes que aseguren o seu cumprimento.

3. A solicitude de autorización do plan de restauración conterá, polo menos, a seguinte información, e indicará claramente a proposta de categoría das instalacións de residuos, se procede:

a) Identidade da entidade explotadora.

b) Plan de restauración, que incluírá o plan de xestión de residuos mineiros tal e como se refire nos artigos 16, 17 e 18, e a situación proposta das instalacións de residuos, así como calquera outra localización alternativa.

c) Proposición de garantía financeira ou equivalente que corresponda, segundo os artigos 41, 42 e 43.

d) Información necesaria para que a autoridade competente poida elaborar o plan de emerxencia exterior en caso de que a explotación teña unha instalación de residuos mineiros clasificada como A, con exclusión daquelas que estean no ámbito de aplicación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos

riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas e posteriores modificacións.

e) Nos casos en que sexa necesario trámite de avaliación de impacto ambiental do proxecto de acordo coa normativa vixente para tal efecto, xustificación documental do cumprimento deste trámite ante o organismo competente.

#### Artigo 5. *Autorización do plan de restauración.*

1. A autoridade competente en minaría, á vista do plan de restauración presentado, poderá autorizalo, exixir ampliacións ou introducir modificacións nel, logo de informe da autoridade ambiental competente.

Poderanse solicitar, de ser o caso, informes a outros órganos da Administración que se consideren necesarios. Cando a execución do plan de restauración poida supoñer un risco para a saúde humana, será preceptivo o informe da autoridade sanitaria competente.

2. A autorización do plan de restauración farase conxuntamente co outorgamento do permiso de investigación, a autorización ou a concesión de explotación, e terá a consideración de condición especial do dito título mineiro. Non se poderán outorgar estes se a través do plan de restauración non queda debidamente asegurada a rehabilitación do medio natural afectado tanto polos labores mineiros como polos seus servizos e instalacións anexas.

3. A autoridade competente só concederá a autorización do plan de restauración se considera que a entidade explotadora cumpre todos os requisitos pertinentes deste real decreto.

Ademais, a autoridade competente deberá comprobar que a xestión dos residuos mineiros non entra en conflito nin interfire de ningunha outra maneira coa aplicación do plan ou os plans de xestión de residuos a que fai referencia a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos,

4. Para os efectos deste real decreto, as autoridades competentes clasificarán as instalacións de residuos que se describan no plan de restauración a partir da proposta de clasificación que faga a entidade explotadora e cos criterios que se establecen no anexo II.

A autorización do plan de restauración incluírá a autorización do plan de xestión de residuos e, en concreto, a do inicio de actividade ou construción das instalacións de residuos mineiros, e indicará claramente a súa categoría.

5. As autoridades competentes revisarán as condicións da autorización do plan de xestión de residuos, cada cinco anos e, de ser necesario:

a) Cando haxa cambios substanciais que afecten o seu contido, en especial a caracterización de residuos mineiros e a explotación ou operación das instalacións de residuos mineiros.

b) Cando os resultados do control das instalacións de residuos mineiros proporcionados pola entidade explotadora segundo o artigo 32 así o recomenden, ou ben o recomende o resultado das inspeccións realizadas pola autoridade competente, segundo o disposto no artigo 44.

c) Cando a información sobre cambios substanciais nas mellores técnicas dispoñibles así o recomende.

6. A información que figure na autorización do plan de restauración poñerase á disposición das autoridades estatísticas nacionais e comunitarias competentes que a soliciten con fins estatísticos. A información sensible de carácter puramente comercial, como a relativa ás relacións entre empresas e os seus custos desagregados, o volume de reservas minerais de importancia económica, etc. non se fará pública.

7. No caso de cesamento dos labores por parte da entidade explotadora por esgotamento do recurso, renuncia ao título mineiro ou calquera causa, a autoridade competente non aceptará a renuncia nin autorizará a caducidade do título ou o cesamento dos labores de explotación mentres non se procedese a executar o plan de restauración autorizado no que corresponda, de acordo co disposto nos artigos 3.3, 42 e 43.

Artigo 6. *Participación pública.*

1. Para evitar duplicidade de procesos e documentos, cando a realización do proxecto de investigación ou de aproveitamento dos recursos minerais requira proceso de avaliación de impacto ambiental, o trámite de información pública incluído nela comprenderá tamén a participación pública en relación coa autorización do plan de restauración, sempre que se inclúan os asuntos determinados no número 3 deste artigo.

2. Se para a autorización do proxecto de investigación ou de aproveitamento de recursos xeolóxico-mineiros non é necesaria avaliación de impacto ambiental, deberase someter á participación pública a documentación incluída no plan de xestión de residuos e no documento de política de prevención de accidentes graves, cando proceda.

3. Unha vez completada a documentación de acordo co establecido nos artigos anteriores, abriase no procedemento de autorización do plan de restauración un período de información pública, que non será inferior a 30 días, para que o público interesado poida participar de forma efectiva. Para a realización deste trámite, o público será informado sobre os seguintes asuntos:

a) A solicitude de autorización do plan de restauración en que se inclúe a solicitude de autorización das instalacións de residuos mineiros.

b) Cando proceda, o feito de que a autorización do plan de restauración mencionado na alínea a) estea suxeita a consultas con outro Estado membro, de acordo co artigo 45.

c) A identificación das autoridades competentes responsables da autorización do plan de restauración citado, daquelas de que se poida obter información pertinente, daquelas ás cales se poidan formular observacións ou preguntas e calendario para a presentación de observacións ou a formulación de preguntas.

d) Proposta da resolución respecto ao plan de restauración e á autorización para a instalación de residuos mineiros.

e) Se procede, descrición da proposta de modificación do plan de restauración e, en particular, das modificacións que afecten a instalación ou o plan de xestión de residuos.

f) Unha indicación das datas e dos lugares en que se facilitará a información pertinente, ou dos medios a través dos cales se informará.

g) A determinación dos procedementos de participación pública.

4. O trámite de información pública será preceptivo cando se modifiquen as condicións da autorización do plan de restauración e, en particular, as relativas á instalación ou ao plan de xestión de residuos, de acordo co artigo 5.5.

5. O público interesado terá dereito a expresar observacións e opinións á autoridade competente antes de que se autorice o plan de restauración e dentro dun prazo, que en ningún caso poderá ser inferior a 30 días desde a publicación do acordo de apertura do período de información pública. Ademais, deberanse poñer á disposición do público interesado os principais informes e ditames dirixidos á autoridade competente durante o trámite de participación pública, así como calquera outra información adicional relevante para ditar a resolución que só estea dispoñible con posterioridade á realización do dito trámite.

6. Os resultados das consultas realizadas conforme este artigo serán tidas en conta debidamente á hora de adoptar a resolución que proceda sobre o plan de restauración.

7. Unha vez resolta a autorización do plan de restauración, a autoridade competente informará o público interesado do contido e da motivación da resolución, mediante os procedementos que se consideren adecuados, e poñerá á súa disposición copia dela.

8. Nas instalacións de residuos de categoría A:

a) O trámite de información pública será preceptivo e levarase a cabo nunha fase temperá da elaboración ou revisión do plan de emerxencia exterior asociado á instalación. Para tal efecto será informado o público interesado de calquera proposta ao respecto e poñerase á súa disposición a información pertinente, incluída, entre outras, a relativa ao dereito a participar no proceso decisorio de elaboración e a relativa á autoridade competente a que se poidan remitir observacións e preguntas.

b) Na elaboración do plan de emerxencia exterior o público interesado terá dereito a expresar observacións dentro de prazos establecidos e a que, na decisión sobre o plan de emerxencia exterior se teñan debidamente en conta esas observacións.

9. No marco das súas relacións bilaterais, España, a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, velará por que, nos supostos mencionados no artigo 45, as solicitudes tamén se fagan accesibles durante un período adecuado ao público interesado do Estado membro potencialmente afectado de forma que este poida participar no proceso de elaboración do plan antes de que a autoridade competente dite a correspondente resolución.

#### Artigo 7. *Revisión do plan de restauración.*

Sen prexuízo do establecido no artigo 5, o plan de restauración deberao revisar cada cinco anos a entidade explotadora e, de ser o caso, modificalo se se produciron cambios substanciais que afecten o previsto nel, incluídos cambios no uso final do solo unha vez que se conclúa o aproveitamento. As posibles modificacións notificaranse á autoridade competente para a súa autorización.

## CAPÍTULO II

### Autorizacións de supostos especiais

#### Artigo 8. *Coutos mineiros.*

Cando razóns xeolóxicas, xeomorfolóxicas ou ambientais aconsellen a realización dun plan de restauración conxunto para aproveitamentos de recursos minerais realizados por entidades explotadoras distintas, a Administración poderá impoñer a creación dun couto mineiro de acordo coa Lei de minas e o seu regulamento. O consorcio correspondente determinará as obrigas de cada titular na execución do plan de restauración.

#### Artigo 9. *Seccións B) da Lei de minas.*

Os titulares de aproveitamentos de recursos da sección B) presentarán os documentos que se establecen neste real decreto, adaptados ás súas condicións específicas.

#### Artigo 10. *Permisos de investigación da Lei de minas.*

Os titulares de permisos de investigación da Lei de minas presentarán os documentos que se establecen neste real decreto, adaptados ás súas condicións específicas.

#### Artigo 11. *Establecementos de beneficio temporais non vinculados a explotacións mineiras.*

Os titulares de establecementos de beneficio temporais non vinculados a explotacións mineiras presentarán os documentos que se establecen neste real decreto, adaptados ás súas condicións específicas.

## CAPÍTULO III

### Partes I, II e III do plan de restauración

#### Artigo 12. *Parte I: descrición detallada do contorno previsto para levar a cabo os labores mineiros.*

1. A parte I do plan de restauración, «Descrición detallada do contorno previsto para levar a cabo os labores mineiros», conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:



a) Descrición do medio físico: xeoloxía, hidroxoloxía e hidroxoloxía, edafoloxía, climatoloxía, vexetación, fauna, paisaxe e demais elementos que permitan definir o medio.

b) Definición do medio socioeconómico da zona: aproveitamentos preexistentes, situación xeográfica, usos do solo, demografía, emprego, infraestruturas, espazos de interese histórico, arqueolóxico e paleontolóxico e puntos de interese.

c) Cando proceda, identificación da área de aproveitamento e do seu contorno, con expresión dos lugares previstos para a propia explotación, accesos, instalacións anexas, etc.

d) Epítome das características do aproveitamento do recurso, como por exemplo descrición dos métodos de explotación, preparación, concentración ou beneficio posteriores aos cales se someta o recurso mineral, residuos mineiros resultantes, superficies afectadas e medidas necesarias para evitar ou reducir as emisións de po.

2. A Parte I do plan de restauración, co fin de evitar duplicidades, poderase entender rematada se a entidade explotadora presenta á autoridade competente na materia documento similar e cos mesmos contidos durante a fase de avaliación de impacto ambiental, en caso de que esta sexa necesaria segundo o Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, e posteriores modificacións.

Artigo 13. *Parte II: medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos minerais.*

A entidade explotadora adoptará as medidas que procedan para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e aproveitamento de recursos minerais en función do tipo de rehabilitación que fose considerado segundo os usos finais do solo como espazo natural, agrícola, de ocio, solo industrial ou outros previstos legalmente.

A Parte II do plan de restauración, «Medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos minerais», conterà, como mínimo, descrición dos seguintes aspectos, cando proceda en función do tipo de rehabilitación que se vaia realizar:

1. Remodelación do terreo.

a) Cando a entidade explotadora encha completamente con residuos mineiros propios ou alleos o oco de explotación creado, xa sexa en superficie ou por labores de interior, describirá as medidas necesarias tidas en conta para asegurar a compatibilidade da localización do oco co depósito de residuos mineiros, asegurar a estabilidade destes residuos, prever a contaminación do solo, das augas superficiais e subterráneas en virtude da lexislación vixente para tal efecto e garantir o seu mantemento e control posterior á rehabilitación, todo iso de conformidade *mutatis mutandis*, co disposto nos artigos do 20 ao 35 deste real decreto.

b) Ademais, no caso de que estea previsto no plan de restauración deixar que se inunde o oco de explotación tras o esgotamento do recurso, deberanse tomar as medidas necesarias para evitar ou minimizar a deterioración do estado das augas e a contaminación do solo de conformidade co disposto, *mutatis mutandis*, nos artigos do 20 ao 35. Así mesmo, a entidade explotadora proporcionará á autoridade competente a información necesaria para garantir o cumprimento da lexislación en materia de augas.

c) Cando a entidade explotadora encha con residuos mineiros alleos o oco de explotación, xa sexa en superficie ou por labores de interior, rexistrará e certificará a orixe e natureza destes residuos, asegurando a súa compatibilidade ambiental co oco en que se van depositar, e anotándose no libro de rexistro definido no artigo 32, que estará á disposición da autoridade competente.

d) Cando a entidade explotadora encha con residuos de procedencia non mineira o oco de explotación, xa sexa en superficie ou por labores de interior, rexistrará e certificará, sen prexuízo da normativa vixente de residuos e, en particular, a correspondente á eliminación mediante depósito en vertedoiro, que lles será de aplicación, a orixe e natureza

destes residuos, anotándose no libro de rexistro definido no artigo 32, que estará á disposición da autoridade competente.

2. Procesos de revexetación.
  - a) Obxectivos da revexetación.
  - b) Labores de preparación da superficie que se vaia revexetar.
  - c) Extensión posterior de terra vexetal e combinación adecuada de materiais apropiados para hidrosementeira, cando proceda.
  - d) Selección de especies para revexetación da área, con xustificación da selección feita respecto das probabilidades de éxito segundo as características climáticas e edáficas e da súa idoneidade para a rehabilitación do medio.
  - e) Descrición de sementeiras e plantacións.
3. No caso das obras públicas en que se utilicen plantas móbiles de beneficio, a rehabilitación da superficie afectada unicamente se referirá á restitución do terreo á súa cota e condicións naturais. Para outras alternativas de rehabilitación será exigible, por parte da autoridade competente, a autorización do correspondente plan de restauración.
4. Descrición doutras posibles actuacións de rehabilitación.
  - a) Rehabilitación de pistas mineiras, accesos e contorno afectado. Descrición de medidas destinadas á integración paisaxística, estabilidade de noiros e desvío de escorremento superficial.
  - b) Recheos superficiais.
  - c) Medidas para evitar a posible erosión. Medidas para reducir a posible erosión eólica, por escorremento concentrado e por escorremento difuso.
  - d) Protección da paisaxe. Medidas para adecuar as formas xeométricas ao contorno e integrar na paisaxe todos os terreos afectados pola actividade.
5. Anteproxecto de abandono definitivo de labores.

*Artigo 14. Parte III: medidas previstas para a rehabilitación dos servizos e instalacións anexos á investigación e explotación de recursos minerais.*

A parte III do plan de restauración, «Medidas previstas para a rehabilitación dos servizos e instalacións anexos á investigación e explotación de recursos minerais», conterá, como mínimo, descrición dos seguintes aspectos, cando proceda, en función do tipo de rehabilitación proxectada:

1. Instalacións e servizos auxiliares.
  - a) Desmantelamento e rehabilitación de zonas en que se sitúen as instalacións de preparación, plantas de concentración e plantas de beneficio da explotación.
  - b) Desmantelamento e rehabilitación de zonas de instalacións auxiliares tales como naves, edificios, obra civil, etc.
2. Instalacións de residuos mineiros.—A rehabilitación do espazo afectado polas instalacións de residuos mineiros regúlase no plan de xestión de residuos mineiros.

*Artigo 15. Abandono definitivo de labores de aproveitamento.*

1. Dentro da parte II do plan de restauración, e en estreita relación co resto dos labores de rehabilitación, a entidade explotadora presentará un anteproxecto de abandono definitivo de labores de aproveitamento.
2. Ao finalizar o aproveitamento, cando a entidade explotadora deba proceder á rehabilitación e abandono definitivos da explotación, presentará, para a súa autorización ante a autoridade competente en materia de seguranza mineira, un proxecto de abandono definitivo de labores en que se xustificarán as medidas adoptadas e que se vaian adoptar para garantir a seguranza das persoas e bens.
3. Unha vez autorizado, coas modificacións que, de ser o caso, considere a autoridade competente en materia de seguranza mineira, a entidade explotadora executará os

correspondentes traballos e, unha vez finalizados, comunicarllos a esta, solicitando a autorización de abandono definitivo da explotación.

4. O abandono definitivo dos labores de aproveitamento só se poderá considerar efectivamente realizado despois de que a autoridade competente en materia de seguranza mineira, no prazo dun ano, realizase unha inspección final *in situ*, avalíase todos os informes presentados pola entidade explotadora e comunicase á entidade explotadora a súa autorización do abandono, e sempre que se certificase, a través dun organismo de control que cumpra o disposto no anexo III deste real decreto, que a situación final do terreo afectado pola explotación de recursos minerais e as súas instalacións e servizos auxiliares non supoñen ningún perigo para a seguranza das persoas e comunicase á entidade explotadora a súa autorización do abandono.

5. A autorización do abandono por parte da autoridade competente non diminuírá en ningún caso as responsabilidades da entidade explotadora de acordo coas condicións da autorización ou outras obrigas legais.

6. Se a entidade explotadora procedese ao abandono dun aproveitamento e das súas instalacións e servizos auxiliares sen obter a correspondente autorización da autoridade competente, esta adoptará posteriormente as medidas de seguranza precisas para salvagardar a seguranza e os intereses de terceiros, sen prexuízo das sancións administrativas e responsabilidades.

## CAPÍTULO IV

### Parte IV do plan de restauración: o plan de xestión de residuos

#### *Sección 1.ª Aspectos xerais do plan de xestión de residuos*

##### Artigo 16. *Alcance.*

A xestión de residuos mineiros non inclúe aqueles que non resultan directamente da investigación e aproveitamento, aínda que se xeren no desenvolvemento destas actividades, como son os residuos alimentarios, os aceites usados, as pilas, os vehículos ao final da súa vida útil e outros análogos, que se rexerán pola Lei 10/1998, do 22 de abril, de residuos, e as súas disposicións de desenvolvemento.

##### Artigo 17. *Obxectivos do plan de xestión de residuos mineiros.*

1. A entidade explotadora realizará un plan de xestión de residuos mineiros enfocado á súa redución, tratamento, recuperación e eliminación tendo en conta o principio de desenvolvemento sustentable.

No plan de xestión de residuos mineiros a entidade explotadora garantirá que estes residuos se xestionan dun modo que non supoña perigo para a saúde das persoas e sen utilizar procesos ou métodos que poidan danar o ambiente e, en particular, supoñer riscos para a auga, o aire, o solo, a fauna ou a flora, sen causar molestias debidas ao ruído ou os malos olores e sen afectar negativamente a paisaxe nin a lugares que representen un interese especial.

2. Os obxectivos do plan de xestión de residuos mineiros serán:

a) Previr ou reducir a produción de residuos mineiros e a súa nocividade, en particular tendo en conta os seguintes elementos:

1.º A xestión dos residuos na fase de proxecto e a elección do método de explotación e de preparación, concentración ou beneficio do recurso mineral.

2.º As transformacións que poidan experimentar os residuos mineiros polo aumento da superficie e a exposición á intemperie.

3.º O recheo con residuos mineiros do oco de explotación, na medida en que isto sexa técnica e economicamente viable na práctica e respectuoso co ambiente de

conformidade coas normas vixentes na materia e cos requisitos deste real decreto, cando proceda.

4.º Tras a súa finalización, o recubrimento do terreo afectado pola investigación e aproveitamento coa terra vexetal orixinal que previamente se depositou na súa propia instalación de residuos, tras o seu peche, cando isto sexa viable na práctica. Se non é así, procurarase a utilización desta terra vexetal noutro sitio.

5.º O uso de substancias menos perigosas para a preparación, concentración ou beneficio dos recursos minerais.

b) Fomentar a recuperación dos residuos mineiros mediante a súa reciclaxe, reutilización ou valorización cando iso sexa respectuoso co ambiente de conformidade coa lexislación vixente e co disposto neste real decreto, cando proceda.

c) Garantir a eliminación segura a curto e longo prazo dos residuos mineiros. O cumprimento deste obxectivo deberase ter en conta na planificación e no desenvolvemento das fases de explotación ou operación da instalación de residuos, peche e clausura, e mantemento e control posterior á clausura. Para tales efectos, deberase elixir un deseño que:

1.º Exixa un mínimo ou, se é posible, ningún mantemento e control posterior á clausura da instalación de residuos mineiros.

2.º Preveña ou polo menos minimize todo efecto negativo a longo prazo atribuíble, por exemplo, ao desprazamento polo aire ou pola auga de substancias contaminantes precedentes da instalación de residuos mineiros.

3.º Garanta a estabilidade xeotécnica a longo prazo da instalación de residuos mineiros.

#### Artigo 18. *Contido do plan de xestión de residuos mineiros.*

1. O plan de xestión de residuos mineiros incluirá, como mínimo:

a) Caracterización dos residuos mineiros que se van xerar durante a investigación e aproveitamento e que se van depositar nas instalacións, de acordo cos criterios establecidos no anexo I deste real decreto.

En todo caso deberase facer unha relación das cantidades totais estimadas de residuos mineiros que se producirán durante a investigación e aproveitamento.

b) Clasificación proposta para as instalacións de residuos mineiros, de acordo cos criterios establecidos no anexo II, e tendo en conta que:

1.º Cando se precise unha instalación de residuos de categoría A, deberase incluír un documento que demostre que se vai aplicar unha política de prevención de accidentes graves, un sistema de xestión da seguranza para a súa posta en práctica e un plan de emerxencia interior, salvo que se trate de instalacións da categoría A que se inclúan no ámbito de aplicación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas e posteriores modificacións.

2.º Cando a entidade explotadora non considere precisa unha instalación de categoría A, deberase incluír información suficiente que o xustifique, con indicación dos posibles riscos de accidente.

c) Descrición da actividade que xera os residuos mineiros e de calquera tratamento posterior a aquel a que estes se sometan.

d) Descrición da forma en que o ambiente e a saúde humana se poidan ver afectados negativamente polo depósito de residuos mineiros e das medidas preventivas que se deban tomar co fin de minimizar o impacto ambiental durante a explotación ou operación, peche e clausura e mantemento e control posterior das instalacións de residuos, con inclusión dos aspectos mencionados nos artigos 19 e 33. Ademais, deberase realizar unha avaliación do risco e do impacto que o depósito de residuos mineiros causa na saúde humana, se procede.

e) Os procedementos de control e seguimento propostos conforme os artigos 13 e 32, cando sexa aplicable.

f) Definición do proxecto construtivo e de xestión das instalacións de residuos mineiros, con especial atención ás medidas necesarias para a protección das augas e á prevención ou minimización da contaminación do solo e do aire, conforme os artigos 13, 23, 24, 25, e 30.

g) O anteproxecto de peche e clausura das instalacións de residuos mineiros, incluído no proxecto construtivo, coas disposicións que correspondan de mantemento e control posterior á clausura, de acordo cos artigos 33, 34 e 35.

h) Un estudo das condicións do terreo que se vaia ver afectado polas instalacións de residuos.

2. O plan de xestión de residuos mineiros deberá achegar suficiente información para permitir á autoridade competente avaliar a capacidade da entidade explotadora de cumprir os obxectivos do dito plan e as súas obrigas conforme este real decreto.

O dito plan xustificará, en particular, a maneira en que a opción e o método elixidos de conformidade co artigo 17.2.a) respectará os obxectivos do plan de xestión de residuos tal e como se recollen no dito artigo.

*Artigo 19. Definición, contido e estrutura do proxecto construtivo das instalacións de residuos mineiros.*

1. Enténdese por proxecto construtivo dunha instalación de residuos mineiros o conxunto de estudos e documentos que comprenden a definición e dimensionamento da instalación, a xustificación da súa localización, os materiais de construción en caso de seren necesarios, as posibles obras auxiliares, os estudos técnicos de apoio necesarios, as medidas para a execución e control do proxecto, os estudos de afección ao medio natural e as medidas correctoras e as medidas que se vaian aplicar cando finalice a vida activa da instalación para os efectos da súa clausura e posterior mantemento e control, cando proceda.

2. O proxecto construtivo dunha instalación de residuos mineiros constará dos documentos necesarios, coa amplitude e profundidade suficientes en relación coa importancia da instalación, os residuos mineiros que albergue e cos riscos potenciais que entrañe.

3. En todos os casos o proxecto construtivo incluírá os seguintes documentos: memoria, orzamento, planos, prego de especificacións técnicas e anexos.

a) A memoria estará constituída polas partes que se definen no número 4 deste artigo.

b) O orzamento incluírá a descrición das distintas partidas cos seus prezos unitarios, a valoración dos estudos que se vaian realizar e o custo total do proxecto.

c) Os planos do proxecto serán completos e suficientes e incluírán toda a información necesaria sobre os detalles que se reflectan neles. Elaboraranse normalizados de acordo coas normas UNE, tanto nos formatos como nas escalas utilizadas, e a distribución dos debuxos sobre eles realizarase de acordo coas normas de debuxo técnico.

Os planos en que se represente o terreo onde se situará a instalación de residuos mineiros e outros servizos auxiliares da explotación incorporarán as referencias da cartografía oficial.

Con carácter preceptivo incluíranse os seguintes planos:

1.º Plano xeral de situación. Escala 1:25.000 ou 1:10.000.

2.º Plano total da bacía ou sub-bacía hidrográfica.

3.º Plano do perímetro afectado. Escala 1:5.000. Abranguerá unha superficie cuxo límite diste 500 metros como mínimo arredor do perímetro da instalación.

4.º Plano da instalación e zona de influencia. Escala 1:5.000 a 1:200. A escala non será inferior a 1:200 e a equidistancia entre curvas de nivel será como máximo de 1 metro.

5.º Plano de cartografía xeolóxico-xeotécnica da área da instalación e zona de influencia. Escala 1:2.000 a 1:200.

6.º Planta xeral da instalación e das obras relacionadas con ela.

7.º Planta, alzado e seccións suficientes para definir con total claridade a instalación e os seus servizos anexos.

8.º Planos detallados das obras de desvío de leitos existentes ou interceptación da auga superficial.

9.º Planos detallados dos dispositivos de evacuación ou desaugamento da instalación, en réxime normal de explotación ou en períodos de emerxencia durante precipitacións máximas.

10.º Plano detallado dos dispositivos de impermeabilización da instalación, se os houber.

11.º Plano de situación dos dispositivos previstos para o control e vixilancia da instalación, se proceder.

12.º Planos dos accesos a lugares que se consideren precisos para a inspección e vixilancia da instalación.

13.º Planos das fases de recrecemento da instalación. Plantas e perfís.

d) O prego de especificacións técnicas conterá as descricións xerais dos traballos que se vaian levar a cabo, as características dos materiais que se vaian empregar e equipos, a forma de execución, facendo referencia ás normas e regulamentos que se deberán cumprir en cada fase da vida da instalación de residuos mineiros.

4. A memoria do proxecto construtivo dunha instalación de residuos mineiros constará das seguintes partes:

- a) Elección de lugar e planificación.
- b) Estudos da área elixida para situar a instalación.
- c) Deseño e construción da instalación.
- d) Explotación ou operación da instalación.
- e) Seguimento e inspeccións periódicas da instalación.
- f) Peche e clausura da instalación.
- g) Mantemento e control posterior á clausura.
- h) Reutilización ou eliminación dos residuos mineiros depositados na instalación.

#### *Sección 2.<sup>a</sup> Elección do lugar para unha instalación de residuos mineiros*

*Artigo 20. Elección do lugar para unha instalación de residuos mineiros.*

1. O punto «Elección do lugar para unha instalación de residuos mineiros» da memoria do proxecto construtivo deberá identificar de forma xustificada o lugar máis adecuado para situar unha instalación de residuos mineiros de entre as distintas alternativas posibles. En calquera caso, a elección de tal lugar deberá cumprir con todas as restricións legais vixentes no que respecta a zonas protexidas, factores xeolóxicos, hidrolóxicos, hidroxeolóxicos, sísmicos e xeotécnicos.

2. Dentro do conxunto de factores que cómpre ter en conta na elección do lugar consideraranse, entre outros:

- a) Descrición de afectación ao ambiente e á saúde humana derivada da elección do lugar.
- b) Condicións topográficas favorables para a localización.
- c) Distancia da instalación de residuos mineiros ao establecemento de beneficio e á propia explotación.
- d) Tamaño, superficie e altura da instalación.
- e) Xeoloxía dos terreos que se vaian ocupar.
- f) Hidroxeoloxía.
- g) Rede de drenaxe natural.
- h) Dispoñibilidade de terreos.

*Sección 3.<sup>a</sup> Estudos da área elixida para situar a instalación de residuos mineiros*

*Artigo 21. Estudos da área elixida para situar a instalación de residuos mineiros.*

1. O punto «Estudos da área elixida para a situación da instalación de residuos mineiro» da memoria do proxecto construtivo deberá achegar suficiente información acerca das propiedades xeotécnicas e hidroxeolóxicas da área que vaia ocupar a instalación de residuos mineiros.

2. Para a redacción deste punto terán especial importancia os traballos de campo para a obtención de mostras que se ensaiarán en laboratorio e *in situ*, xa que en función dos resultados obtidos se establecerán as liñas básicas de deseño e control. Para tales efectos, realizaranse os seguintes estudos da área elixida:

- a) Estudo xeolóxico-xeotécnico do lugar.
- b) Estudo hidroxeolóxico do lugar.
- c) Estudo hidrolóxico do lugar.

*Artigo 22. Estudo xeolóxico-xeotécnico do lugar en que se encontra unha instalación de residuos mineiros.*

1. O estudo xeolóxico-xeotécnico da localización ten por obxecto a constatación de que o terreo é capaz de resistir as solicitacións de tipo mecánico e hidráulico impostas pola acumulación de residuos mineiros.

2. Os traballos centraranse na caracterización dos materiais de recubrimento, coa determinación dos seus parámetros resistentes e de drenaxe, a caracterización do macizo rochoso do substrato, con definición da súa litoloxía, grao de meteorización, diaclasado, permeabilidade e capacidade portante. Para ambos os tipos de materiais estudarase a súa escavabilidade, e tamén a erosionabilidade dos solos e a súa idoneidade como materiais de drenaxe e como substrato para a rehabilitación final dos terreos.

3. O estudo xeolóxico-xeotécnico incluirá, como mínimo:

a) Cartografía xeolóxica detallada e descrición das zonas que se vaian ocupar e da influencia da instalación nelas.

b) Características litolóxicas dos materiais rochosos aflorantes e recubrimentos existentes, espesuras, grao de meteorización, cambio de facies, etc. Os planos realizaranse a escala 1:200 a 1:2.000.

c) Estudo xeolóxico-estrutural de detalle do substrato rochoso con descrición das características dos sistemas de fracturación existentes, penetrabilidade, recheos e alteración dos planos de discontinuidade e posibilidade de afectación por auga. Os planos realizaranse a escala 1:200 a 1:2.000.

d) Prospeccións en campo efectuadas para completar o modelo xeolóxico da área e facilitar a realización de ensaios *in situ* para caracterizar os materiais de recubrimento e do substrato rochoso. Cando sexa necesario aplicaranse técnicas xeofísicas, sondaxes con recuperación de testemuños, ensaios xeotécnicos *in situ* e demais técnicas similares.

e) Estudo de subsidencia mineira en caso necesario.

f) Ensaos de laboratorio para determinar as características xeomecánicas do terreo, tanto dos solos de recubrimento como das rochas do substrato. Realizaraos un laboratorio de ensaios acreditado para iso.

*Artigo 23. Estudo hidroxeolóxico do lugar en que se encontra unha instalación de residuos mineiros.*

1. O estudo hidroxeolóxico do lugar ten por obxecto deixar constancia de que a entidade explotadora tomou as medidas necesarias para respectar a normativa vixente en materia de augas. Para a elaboración deste estudo deberanse realizar os estudos convenientes para avaliar a interacción a longo prazo entre os solos, as rochas naturais e os efluentes.

2. O estudo hidroxeolóxico incluirá, como mínimo:

- a) Avaliación do potencial de xeración de lixiviados, incluído o contido de contaminantes dos lixiviados tanto na fase de explotación ou operación como nas de peche, clausura e mantemento e control posterior á clausura.
- b) Prevención ou redución da xeración de lixiviados e da contaminación pola súa causa das augas superficiais, subterráneas e do solo cando así o considere a autoridade competente con base na lexislación vixente en materia de augas.
- c) Recollida e tratamento das augas contaminadas e dos lixiviados da instalación de residuos de forma que cumpran a normativa aplicable en materia de augas e verteduras.

*Artigo 24. Estudo hidrolóxico do lugar en que se encontra unha instalación de residuos mineiros.*

1. O estudo hidrolóxico do lugar ten por obxecto avaliar os caudais máximos e as achegas por augas de chuvia na zona onde está situada a instalación de residuos mineiros, e coñecer a influencia de tales achegas para definir a construción da instalación, os seus sistemas de desaugamento e as obras de desvío de augas superficiais, así como a prevención ou redución da contaminación das augas superficiais.

2. O estudo incluírá, como mínimo:

- a) Cálculo da avenida máxima previsible no lugar da instalación, para un período de retorno de cincocentos anos se a instalación de residuos mineiros está clasificada como A ou de cen anos no resto dos casos, salvo no caso de residuos mineiros radioactivos, que será de mil anos.
- b) Superficie da bacía de recepción, intensidade máxima da chuvia, coeficiente de escurremento, etc. Achega anual neta de auga á instalación, así como evaporacións do líquido nela en caso de se tratar dunha balsa.
- c) Coñecidas a avenida máxima e as achegas anuais, definiranse os medios de evacuación e desviación.
- d) Se a instalación de residuos mineiros está próxima a un curso de auga superficial, sen prexuízo do previsto na lexislación vixente en materia de augas, estudarase o risco de inundación exterior e determinaranse as medidas de protección adecuadas.
- e) Determinación do balance hidrolóxico da instalación.

3. É responsabilidade da entidade explotadora cumprir coas obrigas en materia de protección de augas superficiais.

*Sección 4.<sup>a</sup> Deseño e construción dunha instalación de residuos mineiros*

*Artigo 25. Deseño e construción dunha instalación de residuos mineiros.*

1. A epígrafe «Deseño e construción dunha instalación» da memoria do proxecto construtivo ten por obxecto definir o deseño da xeometría e estrutura da instalación, os materiais constituíntes en caso de que os houbese e as súas especificacións, impermeabilización, filtros, drenaxes, infraestrutura necesaria, etc., de forma que cumpra as condicións necesarias para, con perspectivas a curto e longo prazo, previr a contaminación do solo, o aire, as augas subterráneas ou as augas superficiais, para asegurar a recollida eficaz da auga contaminada e dos lixiviados de acordo co previsto na autorización do plan de restauración, e para reducir a erosión causada pola auga e a abrasión causada polo vento na medida en que iso sexa técnica e economicamente posible.

2. O deseño da prevención ou redución ao mínimo ou da recollida e do tratamento das augas contaminadas e os lixiviados procedentes dunha instalación de residuos mineiros deberá cumprir con todos os requisitos exixidos pola lexislación vixente en materia de contaminación por vertedura no medio acuático e protección das augas subterráneas e superficiais.



Non obstante, tales requisitos poderán ser reducidos ou non exixidos pola autoridade competente se, sobre a base dunha avaliación dos diferentes riscos para o ambiente, se constata que os lixiviados non supoñen perigo potencial para o solo, as augas subterráneas e as augas superficiais.

3. A instalación de residuos estará adecuadamente construída, co fin de asegurar a súa estabilidade física, de prever a contaminación do solo, o aire, e das augas superficiais ou subterráneas a curto e longo prazo, e de minimizar na medida do posible o dano á paisaxe.

4. A entidade explotadora deberá aplicar no deseño e construción da instalación de residuos mineiros as medidas necesarias para evitar ou reducir o po e as emisións de gas.

5. Incluírase unha planificación da construción ou utilización da instalación ao longo da súa vida, determinándose os ritmos de elevación ou recrecemento, deseños parciais, dispositivos de seguranza, etc.

6. O documento de deseño e construción da instalación de residuos de extracción e tratamento incluírá, como mínimo, ademais do especificado nos números anteriores:

- a) Estudo dos materiais que se vaian empregar na construción, se proceder.
- b) Estudos de estabilidade xeotécnica.
- c) Estudos sismolóxicos e sismorresistentes.

*Artigo 26. Estudo dos materiais que se vaian empregar na construción.*

No «Estudo dos materiais que se vaian empregar na construción» deberanse definir os materiais que se van utilizar na construción da instalación de residuos mineiros. Así mesmo, deberanse fixar as características que deben cumprir tales materiais e concretar os procedementos e ensaios para a súa comprobación e control.

*Artigo 27. Estudos de estabilidade xeotécnica.*

1. Nos «Estudos de estabilidade xeotécnica» estudarase o comportamento estrutural da instalación tendo en conta as situacións de inestabilidade global, inestabilidade local, erosión superficial e posibles deformacións, así como a aparición de situacións extraordinarias debido a sismos, sobreelevación do nivel de líquidos no caso de balsas, etc.

2. Estudaranse as solicitacións posibles e xustificaranse os niveis de seguranza que se adopten en cada caso segundo a clase de solicitación considerada, a súa probabilidade de ocorrencia e a súa previsible permanencia.

3. Consideraranse tres tipos de solicitacións ou de combinación de solicitacións, atendendo ao seu grao de risco e a súa permanencia:

a) Normais: as correspondentes ao peso propio da instalación de residuos mineiros, ao empuxe hidrostático e presións intersticiais, ao empuxe dos residuos depositados, máis outros efectos que se consideren concorrentes con persistencia apreciable nas diferentes etapas da vida da instalación.

b) Accidentais: as correspondentes a situacións dos seguintes tipos, controlables ou non, pero de duración limitada: empuxe hidrostático debido a un ascenso da auga embalsada no caso de balsas de residuos mineiros, accións sísmicas coa intensidade previsible da zona, empuxe do xeo, etc.

c) Extremas: as producidas por situacións anómalas.

4. Os cálculos de estabilidade consistirán en determinar, en diferentes seccións da instalación, os coeficientes de seguranza ao escorregamento.

5. Tamén se estudará a posibilidade de rotura da instalación pola súa base ou cimentos, modelizando o conxunto.

6. Os métodos de cálculo de estabilidade que se van aplicar son os propios deste campo da enxeñaría: métodos de equilibrio límite, métodos de elementos finitos, etc.

Artigo 28. *Estudos sismolóxicos e sismorresistentes.*

Dentro do estudo de estabilidade xeotécnica incluírase un punto destinado a xustificar a realización ou non da análise dos efectos sísmicos que permita avaliar a influencia deste tipo de fenómenos en relación coa estabilidade da instalación de residuos mineiros.

Para sismos de orixe xeolóxica os cálculos basearanse na Norma de construción sismorresistente: parte xeral e edificación (NCSR-02), aprobada polo Real decreto 997/2002, do 27 de setembro.

Nos complexos mineiros en que as instalacións de residuos se encontren próximas a explotacións en actividade que realicen voaduras para a arrinca de rochas ou minerais, estudarase a influencia das ondas sísmicas xeradas polas ditas voaduras. Para os efectos dos cálculos de estabilidade, a intensidade das vibracións expresarase en aceleración de partícula segundo a dirección horizontal.

Independentemente da orixe das ondas sísmicas, o estudo sismorresistente da instalación de residuos mineiros soamente se levará a cabo se a aceleración sísmica de cálculo é superior a 0.06 g, sendo g a aceleración da gravidade.

Artigo 29. *Proxecto construtivo de instalacións de residuos mineiros non incluídas na categoría A.*

Para a construción dunha nova instalación de residuos non incluída na categoría A ou para a modificación dunha existente, a autoridade competente poderá aceptar proxectos e estudos simplificados respecto aos especificados nos artigos 19 a 28, sempre que se garantan os seguintes aspectos:

1. A instalación de residuos está adecuadamente situada tendo en conta, en particular, as obrigas vixentes no que respecta a zonas protexidas e aos factores xeolóxicos, hidrolóxicos, hidroxeolóxicos, sísmicos e xeotécnicos, e está deseñada de forma que cumpra as condicións necesarias para previr, a curto e longo prazo, a contaminación do solo, o aire, as augas subterráneas e superficiais, e reducir a erosión causada pola auga e a abrasión causada polo vento na medida en que iso sexa tecnicamente posible e economicamente viable.

2. O disposto nos números 1 ao 5 do artigo 25 deste real decreto.

*Sección 5.<sup>a</sup> Explotación ou operación dunha instalación de residuos mineiros*

Artigo 30. *Explotación ou operación dunha instalación de residuos mineiros.*

1. Na epígrafe «Explotación ou operación da instalación» da memoria do proxecto construtivo, a entidade explotadora deberá expoñer as medidas previstas para garantir a seguraza e estabilidade das instalacións de residuos mineiros de acordo co deseño proposto e coas exixencias legais, así como para cumprir cos requirimentos ambientais e para intentar alcanzar a situación final prevista para o peche e clausura.

2. Na redacción deste punto hai que ter en conta que se a entidade explotadora estivese autorizada a eliminar residuos mineiros, xa sexan sólidos, lodos ou líquidos, en calquera masa de auga distinta á formada nunha instalación de residuos mineiros, deberá cumprir os requisitos pertinentes na normativa vixente en materia de augas.

3. No caso de instalacións de residuos mineiros que conteñan cianuro, a entidade explotadora garantirá que a concentración de cianuro dissociable en ácido débil presente na instalación se reduza ao nivel máis baixo posible utilizando as mellores técnicas dispoñibles e, en calquera caso, nas instalacións que obtivesen autorización anterioridade ou xa estivesen en funcionamento o 1 de maio de 2008, que a concentración de cianuro dissociable en ácido débil no punto de vertedura dos residuos mineiros non supere 50 ppm a partir do 1 de maio de 2008, 25 ppm a partir do 1 de maio de 2013, 10 ppm a partir do 1 de maio de 2018 e 10 ppm nas instalacións que obtivesen a súa autorización despois do 1 de maio de 2008.

A autoridade competente poderá pedir á entidade explotadora que, mediante unha avaliación do risco que teña en conta as condicións específicas do lugar da instalación, estes límites de concentración non precisan reducirse máis.

Artigo 31. *Dirección facultativa.*

1. A construción das instalacións de residuos mineiros estará a cargo do director facultativo, segundo o artigo 117 da Lei de minas.

Se o labor de deseño e construción da instalación de residuos mineiros for subcontratada a unha empresa externa, esa empresa designará un director facultativo propio, baixo a autoridade do director facultativo do aproveitamento.

2. A explotación ou operación das instalacións de residuos mineiros estará a cargo do director facultativo, segundo o artigo 117 da Lei de minas.

Se o labor de explotación ou operación da instalación de residuos mineiros for subcontratada a unha empresa externa, esa empresa designará un director facultativo propio, baixo a supervisión do director facultativo do aproveitamento.

En caso de que a instalación de residuos mineiros sexa clasificada como categoría A, o persoal implicado na súa xestión deberá recibir cursos específicos de desenvolvemento técnico e formación no campo da xestión de residuos mineiros.

3. A entidade explotadora titular das instalacións de residuos terá a obriga de comunicar á autoridade competente, antes de se iniciar a fase de explotación, o nome e enderezo completo do director facultativo, quen será o encargado tanto da dirección dos traballos como de velar polo cumprimento das medidas de seguranza previstas.

*Sección 6.ª Seguimento e inspeccións periódicas dunha instalación de residuos mineiros*

Artigo 32. *Seguimento e inspeccións periódicas dunha instalación de residuos mineiros.*

1. Na epígrafe «Seguimento e inspeccións periódicas da instalación» da memoria do proxecto construtivo, a entidade explotadora presentará á autoridade competente un plan no cal se fixen as disposicións adecuadas para o seguimento e a inspección periódica da instalación de residuos mineiros por persoas competentes, así como para intervir en caso de que se detecten indicios de inestabilidade ou de contaminación da auga ou do solo.

Para tal efecto a entidade explotadora levará un libro rexistro no cal se recollan os seguimentos e inspeccións, así como calquera suceso e actividade relacionado coa xestión das instalacións de residuos mineiros e dos propios residuos mineiros, que estará á disposición da autoridade competente e co cal se garantirá a transmisión adecuada de información en caso de cambio de entidade explotadora.

2. A entidade explotadora notificará á autoridade competente, sen demora indebida e en calquera caso non despois das 48 horas seguintes, calquera suceso que poida afectar a estabilidade da instalación de residuos mineiros e calquera efecto ambiental adverso significativo revelado polos procedementos de seguimento da instalación. A entidade explotadora aplicará o plan de emerxencia interior, cando proceda, e seguirá todas as instrucións da autoridade competente sobre as medidas correctoras que se deban tomar. A entidade explotadora sufragará os custos das medidas que se deban emprender.

3. Coa frecuencia que determinará a autoridade competente, e en calquera caso unha vez ao ano, a entidade explotadora, baseándose en datos globais, informará as autoridades competentes de todos os resultados do seguimento da instalación, co fin de demostrar que se cumpren as condicións da autorización e de mellorar o coñecemento do comportamento dos residuos e da instalación de residuos. Sobre a base deste informe a autoridade competente poderá decidir se é necesaria a validación por parte dun experto independente.

4. Os números 2 e 3 deste artigo non serán de aplicación aos seguintes residuos mineiros, a menos que sexan depositados nunha instalación de categoría A:

- a) Residuos mineiros inertes, non inertes non perigosos e solo non contaminado procedentes da investigación e aproveitamento de recursos minerais.
- b) Residuos mineiros procedentes da investigación e aproveitamento de turba.
- c) Residuos mineiros non perigosos procedentes da investigación de recursos minerais, excepto cando se trate da investigación de evaporitas distintas do xeso e anhidrita.

## *Sección 7.ª Peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros*

### *Artigo 33. Peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros.*

1. O peche dunha instalación de residuos mineiros consiste no cesamento definitivo da explotación ou operación da instalación.

2. No proxecto construtivo dunha instalación de residuos mineiros, e en estreita relación co resto dos labores de rehabilitación, a entidade explotadora presentará un estudo básico ou anteproxecto de peche e clausura, onde se describirán as medidas necesarias para a rehabilitación do terreo e que incluírá todos os aspectos técnicos que se prevexan de utilidade para o dito peche.

3. Con antelación suficiente á finalización do período de explotación dunha instalación de residuos mineiros, ou cando por condicións económicas ou doutro tipo se prevexa a paralización das súas actividades, a entidade explotadora elaborará e presentará á autoridade competente para a súa autorización o proxecto definitivo de peche e clausura. A entidade explotadora titular das instalacións de residuos mineiros soamente iniciará o procedemento de peche se se cumpriron as condicións pertinentes enunciadas na autorización do plan de restauración que inclúe a autorización das instalacións, se a autoridade competente autoriza a petición de peche de oficio ou por pedimento dun interesado. A autoridade competente poderá requirir ao titular informe ou ditame dun organismo de control que cumpra o disposto no anexo III deste real decreto.

O disposto neste punto non será de aplicación aos seguintes residuos mineiros, a menos que sexan depositados nunha instalación de categoría A:

- a) Residuos mineiros inertes, non inertes non perigosos e solo non contaminado procedentes da investigación e aproveitamento de recursos minerais.
- b) Residuos mineiros procedentes da investigación e aproveitamento de turba.
- c) Residuos mineiros non perigosos procedentes da investigación de recursos minerais, excepto cando se trate da investigación de evaporitas distintas do xeso e anhidrita.

4. Unha instalación de residuos mineiros só se poderá considerar clausurada despois de que a autoridade competente realizase, no prazo dun ano, unha inspección final *in situ*, avaliase todos os informes presentados pola entidade explotadora e comunicase á entidade explotadora a súa autorización do peche, e sempre que se certificase a través dun organismo de control que cumpra o disposto no anexo III deste real decreto que o terreo afectado pola instalación de residuos foi rehabilitado.

5. A autorización do peche por parte da autoridade competente non diminuírá en ningún caso as responsabilidades da entidade explotadora de acordo coas condicións da autorización ou outras obrigas legais.

6. Se a entidade explotadora procedese ao abandono dunha instalación de residuos mineiros sen obter a correspondente autorización da autoridade competente, esta adoptará posteriormente as medidas de seguranza precisas para salvagardar a seguranza e os intereses de terceiros, sen prexuízo das sancións administrativas e responsabilidades.

### *Artigo 34. Proxecto de peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros.*

1. Os obxectivos do proxecto definitivo de peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros serán a determinación das medidas necesarias para a rehabilitación e a

estabilización física e química da instalación para garantir a longo prazo a súa seguraza estrutural e evitar calquera proceso de contaminación.

2. No proxecto consideraranse os seguintes aspectos e xustificaranse e describiranse todas as actuacións que se prevexa realizar:

- a) Estabilización xeotécnica dos noiros, se os houber.
- b) Protección dos noiros contra a erosión superficial ou por inundacións exteriores e degradación dos materiais por meteorización, se proceder.
- c) Sistemas de desaugamento para evitar a acumulación incontrolada de auga de chuvia ou de escurramento.
- d) Sistemas de drenaxe para o rebaixamento dos niveis freáticos.
- e) Remodelación da instalación de residuos mineiros para a canalización das augas, recuperación de terreos, etc.
- f) Sistemas de selaxe ou impermeabilización da superficie da instalación de residuos mineiros para evitar a infiltración da auga superficial, a contaminación dos solos naturais de cubrición e a formación de po.
- g) Dispositivos de recolla ou sistemas de tratamento de filtracións e lixiviados.
- h) Peche e adecuada sinalización das obras que impliquen risco de accidentes.
- i) Outras accións de rehabilitación.
- j) Orzamento das actuacións que se van realizar.

#### *Sección 8.<sup>a</sup> Mantemento e control posterior á clausura dunha instalación de residuos mineiros*

#### *Artigo 35. Mantemento e control posterior á clausura dunha instalación de residuos mineiros.*

1. A entidade explotadora será responsable do mantemento, control e medidas correctoras na fase posterior ao peche e clausura durante todo o tempo que exixa a autoridade competente, que debe ser de, polo menos, trinta anos para as instalacións da categoría A.

Para as instalacións non incluídas na categoría A, a autoridade competente determinará en cada caso este prazo, que non poderá ser inferior a cinco anos, para poder dispoñer de información adecuada dos procesos que poden influír nos residuos mineiros expostos ao ambiente.

2. A entidade explotadora deberá controlar tanto a estabilidade física como química da instalación co fin de reducir ao mínimo calquera efecto ambiental negativo, en particular no que se refire a augas superficiais e subterráneas, garantindo que todas as estruturas da instalación estarán vixiadas e conservadas e que os aparellos de control e medición estarán sempre listos para seren usados, así como que os aliviadoiros e desaugadoiros estean sempre limpos e sen ningunha obstrución.

Para iso, a entidade explotadora redactará na memoria do proxecto construtivo un plan de mantemento e control que abranguerá o período requirido pola autoridade competente. Se se considera necesario, a autoridade competente requirirá ao titular informe ou ditame dun organismo de control.

3. Tras a clausura dunha instalación de residuos mineiros, a entidade explotadora notificará á autoridade competente sen demora calquera suceso ou circunstancia que poida afectar a estabilidade da instalación e calquera efecto ambiental adverso revelado polos procedementos de control e seguimento. A entidade explotadora aplicará o plan de emerxencia interior, cando proceda, e seguirá todas as instrucións da autoridade competente sobre as medidas correctoras que se deban tomar. A entidade explotadora sufragará os custos das medidas que se deban emprender.

4. Nos casos e coa frecuencia que determine a autoridade competente, a entidade explotadora remitirá, atendendo aos datos globais, todos os resultados do seguimento ás autoridades competentes co fin de demostrar que se cumpren as condicións da autorización

e de mellorar o coñecemento sobre o comportamento dos residuos mineiros e da instalación.

5. Tras a autorización do proxecto de peche e clausura dunha instalación de residuos mineiros, unha vez executados os traballos de rehabilitación descritos nel, e transcorrido o período de tempo fixado pola autoridade competente para a fase de mantemento e control, a entidade explotadora poderá solicitar a correspondente autorización de clausura definitiva, logo da presentación dun informe ou ditame dun organismo de control.

6. Os números anteriores deste artigo non serán de aplicación aos seguintes residuos mineiros, a menos que sexan depositados nunha instalación de categoría A:

- a) Residuos mineiros inertes e solo non contaminado procedentes da investigación e aproveitamento de recursos minerais.
- b) Residuos mineiros procedentes da investigación e aproveitamento de turba.
- c) Residuos mineiros non perigosos procedentes da investigación de recursos minerais, excepto cando se trate da investigación de evaporitas distintas do xeso e anhidrita.

#### *Sección 9.<sup>a</sup> Outros contidos*

*Artigo 36. Reutilización ou eliminación dos residuos mineiros depositados na instalación.*

1. Se durante o proceso de clausura ou despois de clausurada unha instalación de residuos mineiros se desexase efectuar a reutilización dos residuos, o interesado presentará á autoridade competente un proxecto da dita actuación, logo da solicitude da declaración da instalación como recurso da sección B) da Lei de minas.

2. En caso de reutilización de residuos mineiros durante outras fases da vida da instalación, a entidade explotadora deberá solicitar autorización á autoridade competente, logo da inclusión na memoria do proxecto construtivo da descrición dos traballos que se van levar a cabo no plan de labores anual ou nun proxecto presentado para tal efecto.

3. No caso de que a reutilización condúcese á eliminación total da instalación, esta causará baixa como tal para os efectos de control por parte da autoridade competente.

*Artigo 37. Política de prevención de accidentes graves.*

1. De acordo co artigo 18.1.b, a entidade explotadora elaborará, antes da autorización do plan de restauración, unha política de prevención de accidentes graves que aplicará na súa xestión dos residuos mineiros, para o cal instaurará un sistema de xestión da seguranza conforme o establecido no artigo 38, e tamén poñerá en práctica un plan de emerxencia interior, especificando as medidas que se deban tomar no sitio mineiro en caso de accidente.

2. O documento de política de prevención de accidentes graves debe abranguer os obxectivos e principios de actuación xerais establecidos pola entidade explotadora en relación co control dos riscos de accidente grave.

Para iso, a entidade explotadora deberá determinar, no mencionado documento, os riscos de accidentes graves e incorporar ao deseño, construción, explotación, mantemento, peche, clausura e control posterior das instalacións de residuos mineiros, os aspectos necesarios para previr eses accidentes e limitar as súas consecuencias negativas para a saúde humana ou para o ambiente, incluíndo os posibles impactos transfronteirizos.

3. A política de prevención de accidentes graves e o sistema de xestión da seguranza da entidade explotadora deben gardar proporción cos riscos de accidentes graves que presente a instalación de residuos mineiros.

4. A autoridade competente facilitará ao público interesado, gratuitamente e de oficio polos procedementos de publicidade que se establezan, información sobre as medidas de seguranza e sobre a intervención necesaria en caso de accidente dunha instalación de residuos mineiros da categoría A.

A información facilitada será revisada cada tres anos e, cando proceda, será actualizada. Conterá, como mínimo:

- a) Nome da entidade explotadora e enderezo da instalación de residuos mineiros.
- b) Identificación, expresando o cargo, da persoa que facilite a información.
- c) Confirmación de que a instalación de residuos mineiros está suxeita ás disposicións regulamentarias de aplicación deste real decreto e, se procede, de que se entregaron á autoridade competente os pertinentes elementos de información e, en particular, os que se mencionan no número 2 deste artigo.
- d) Explicación clara e sucinta da actividade ou actividades levadas a cabo na instalación.
- e) Nomes comúns ou xenéricos, ou clasificación xeral de perigosidade das substancias e preparados existentes na instalación de residuos mineiros que poidan dar lugar a un accidente grave, con mención das súas principais características perigosas.
- f) Información xeral sobre o carácter dos principais riscos de accidente grave, incluídos os seus efectos potenciais na poboación e o ambiente próximos.
- g) Información adecuada sobre como se deberá alertar e manter informada a poboación próxima e afectada en caso de accidente grave.
- h) Información adecuada sobre as medidas que deberá adoptar e o comportamento que deberá observar a poboación afectada en caso de accidente grave.
- i) Confirmación de que a entidade explotadora está obrigada a tomar as medidas adecuadas no lugar, especialmente en relación co contacto cos servizos de emerxencia, co fin de actuar en caso de accidente grave e reducir ao mínimo os seus efectos.
- j) Referencia ao plan de emerxencia exterior elaborado para abordar calquera efecto dun accidente fóra da localización onde ocorra. Inclúiranse recomendacións sobre como seguir toda instrución ou consigna formulada polos servizos de emerxencia no momento do accidente.
- k) Información detallada sobre o modo de conseguir maior información ao respecto, sen prexuízo dos requisitos de confidencialidade que estableza a lexislación vixente.

#### Artigo 38. *Sistema de xestión da seguranza.*

O sistema de xestión da seguranza debe integrar a parte do sistema de xestión xeral que inclúe a estrutura organizativa, as responsabilidades, as prácticas, os procedementos e os recursos que permiten definir e aplicar a política de prevención de accidentes graves.

O sistema de xestión da seguranza abordará, como mínimo, os seguintes aspectos:

1. Organización e persoal: funcións e responsabilidades do persoal asociado á xestión de riscos de accidentes graves en todos os niveis da organización.

A entidade explotadora nomeará un xestor de seguranza que será responsable da aplicación e supervisión periódica da política de prevención de accidentes graves.

Así mesmo, a entidade explotadora establecerá as necesidades de formación do persoal implicado, incluídas, de ser o caso, as do persoal subcontratado.

2. Determinación e avaliación dos riscos de accidente grave: adopción e aplicación de procedementos para a determinación sistemática dos riscos de accidentes graves que se poidan producir en caso de funcionamento normal ou anormal, así como a avaliación da súa probabilidade e gravidade.

3. Control de explotación: adopción e aplicación de procedementos e instrucións para o funcionamento en condicións seguras, tamén polo que respecta ao mantemento das instalacións anexas ao aproveitamento, aos procesos, aos equipos e ás paradas temporais.

4. Xestión de modificacións: adopción e aplicación de procedementos para a planificación das modificacións que se deban efectuar nas instalacións de residuos mineiros existentes ou para o proxecto dunha nova instalación.

5. Planificación das situacións de emerxencia: adopción e aplicación de procedementos destinados a determinar as emerxencias previsibles cunha análise sistemática, e a

elaborar, poñer a proba e revisar os plans de emerxencia para poder facer fronte a tales situacións de emerxencia.

6. Seguimento dos resultados: adopción e aplicación de procedementos encamiñados á avaliación permanente do cumprimento dos obxectivos fixados pola entidade explotadora no marco da política de prevención de accidentes graves e do sistema de xestión da seguranza, e a instauración de mecanismos de investigación e de corrección en caso de incumprimento. Os procedementos deben comprender o sistema de notificacións de accidentes graves ou de accidentes evitados por escasa marxe, en especial cando se producen fallos nas medidas de protección, a investigación realizada ao respecto e a actuación consecutiva, baseándose na experiencia do pasado.

7. Auditoría e revisión: adopción e aplicación de procedementos para a avaliación periódica sistemática da política de prevención de accidentes graves e da eficacia e adecuación do sistema de xestión da seguranza. Análise documentada dos resultados da política aplicada, do sistema de xestión da seguranza e da súa actualización por parte dos altos directivos da entidade.

#### Artigo 39. *Plan de emerxencia interior.*

1. O plan de emerxencia interior que deberá elaborar a entidade explotadora terá os seguintes obxectivos:

a) Conter e controlar os accidentes graves e outros incidentes para reducir ao mínimo os seus efectos e, en particular, para limitar os danos á saúde das persoas e ao ambiente.

b) Aplicar as medidas necesarias para protexer a saúde das persoas e o ambiente dos efectos de accidentes graves e outros incidentes.

c) Comunicar a información necesaria ao público e aos servizos ou autoridades correspondentes da zona.

d) Tomar medidas para a rehabilitación e limpeza do ambiente tras un accidente grave.

2. En caso de accidente grave a entidade explotadora facilitará inmediatamente á autoridade competente toda a información necesaria para axudar a reducir ao mínimo as consecuencias para a saúde das persoas e para avaliar e reducir ao mínimo a magnitude, real ou potencial, dos danos ao ambiente.

#### Artigo 40. *Plan de emerxencia exterior.*

1. Cando unha instalación de residuos mineiros sexa clasificada como A, a autoridade competente elaborará un plan de emerxencia exterior especificando as medidas que se deban tomar fóra da área da explotación e as súas instalacións e servizos anexos en caso de accidente. A entidade explotadora facilitará á autoridade competente, antes da autorización do plan de restauración, a información necesaria para que esta poida elaborar ese plan.

As instalacións de residuos mineiros que conteñan residuos ou substancias ou preparados clasificados como perigosos segundo as disposicións vixentes para tal efecto exclúense do ámbito de aplicación deste artigo por estaren incluídas no ámbito de aplicación do Real decreto 1254/1999, do 16 de xullo, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves en que interveñan substancias perigosas e posteriores modificacións.

2. En caso de accidente grave, a entidade explotadora facilitará inmediatamente á autoridade competente toda a información necesaria para axudar a reducir ao mínimo as consecuencias para a saúde das persoas e para avaliar e reducir ao mínimo a magnitude, real ou potencial, dos danos ao ambiente.

3. Os obxectivos do plan de emerxencia exterior serán:



- a) Conter e controlar os accidentes graves e outros incidentes para reducir ao mínimo os seus efectos e, en particular, para limitar os danos á saúde das persoas e ao ambiente.
- b) Aplicar as medidas necesarias para protexer a saúde das persoas e o ambiente dos efectos de accidentes graves e outros incidentes.
- c) Comunicar a información necesaria ao público e aos servizos ou ás autoridades correspondentes da zona.
- d) Tomar medidas para a rehabilitación e limpeza do ambiente tras un accidente grave.

## TÍTULO II

### Garantías financeiras ou equivalentes

#### Artigo 41. *Xeneralidades.*

1. A entidade explotadora constituirá dúas garantías financeiras ou equivalentes de acordo cos artigos 42 e 43, para asegurar o cumprimento do disposto no plan de restauración autorizado.

En caso de que a entidade explotadora vaia realizar labores de investigación, de acordo co artigo 10, a entidade explotadora constituirá a garantía financeira ou equivalente correspondente adaptada ás súas condicións específicas.

2. A autoridade competente realizará o cálculo de cada unha das garantías financeiras ou equivalentes de forma independente, segundo os criterios que se establezan no anexo IV deste real decreto.

3. As formas de constitución das garantías financeiras ou equivalentes poderán ser, entre outras, fondos de provisión internos constituídos por depósito en entidades financeiras e garantías financeiras en custodia dun terceiro tales como bonos e avais emitidos por entidades bancarias, así como contratos de seguros que cubran a responsabilidade civil da entidade explotadora derivada do incumprimento do disposto no plan de restauración autorizado.

4. As garantías financeiras ou equivalentes deben asegurar a existencia de fondos facilmente dispoñibles en calquera momento por parte da autoridade competente para a rehabilitación dos terreos, tal e como se describa no plan de restauración autorizado.

5. En caso de incumprimento do disposto no plan de restauración autorizado, a autoridade competente poderá facer efectiva a garantía financeira ou equivalente correspondente e procederá aos labores de rehabilitación do terreo afectado pola actividade mineira.

6. As garantías financeiras ou equivalentes reguladas nos artigos 42 e 43 serán independentes da garantía prevista na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental, e no Regulamento de desenvolvemento parcial da dita lei, aprobado polo Real decreto 2090/2008, do 22 de decembro. Esta última terá en conta a cobertura outorgada polas outras garantías de forma que non se produza unha múltiple cobertura do mesmo risco ou quede algún risco pendente de asegurar.

7. A entidade explotadora poderá integrar nunha soa todas as garantías financeiras ou equivalentes a que se refire o punto anterior. En tal caso, a cantidade destinada a facer fronte aos conceptos dos artigos 42 e 43 e ao cumprimento das obrigas previstas neste real decreto deberá quedar claramente delimitada e facilmente dispoñible do resto da garantía.

Artigo 42. *Garantía financeira ou equivalente para a rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais.*

1. A autoridade competente exixirá, antes do comezo de calquera actividade de extracción, a constitución dunha garantía financeira ou equivalente de forma que se garanta o cumprimento das obrigas impostas na autorización do plan de restauración para a rehabilitación do terreo afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais.

2. O cálculo desta garantía financeira ou equivalente realizarase tendo en conta o impacto ambiental dos labores mineiros e o uso futuro dos terreos que se vaian rehabilitar, e partindo do suposto, en caso de ser necesario, de que terceiros independentes e debidamente cualificados poderán avaliar e efectuar calquera traballo de rehabilitación necesario.

3. A garantía revisarase anualmente de acordo cos traballos de rehabilitación xa realizados e das superficies afectadas, segundo o disposto no plan de labores e no artigo 3.3 deste real decreto.

4. Unha vez finalizada a execución do plan de restauración no relativo á explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais, a entidade explotadora solicitará á autoridade competente, por escrito, a liberación da garantía financeira correspondente.

Artigo 43. *Garantía financeira ou equivalente para o cumprimento das condicións impostas na autorización do plan de restauración para a xestión e a rehabilitación do espazo natural afectado polas instalacións de residuos mineiros.*

1. A autoridade competente exixirá, antes do comezo de calquera actividade de acumulación ou depósito de residuos mineiros, a constitución dunha garantía financeira ou equivalente de forma que se garanta o cumprimento das obrigas impostas na autorización do plan de restauración para a xestión dos residuos mineiros e para a rehabilitación do terreo afectado polas instalacións de residuos mineiros.

2. O cálculo desta garantía financeira ou equivalente realizarase tendo en conta a repercusión ambiental probable das instalacións de residuos, en particular a categoría das instalacións, as características dos residuos e o uso futuro dos terreos rehabilitados. Ademais calcularase partindo do suposto, en caso de ser necesario, de que terceiros independentes e debidamente cualificados poderán avaliar e efectuar calquera traballo de rehabilitación necesario.

3. A garantía revisarase periodicamente de acordo cos traballos de rehabilitación que sexa necesario efectuar nos terreos afectados polas instalacións de residuos tal e como describa o plan de restauración autorizado.

4. A entidade explotadora, unha vez autorizado o peche e clausura das instalacións de residuos mineiros, de acordo cos artigos 33 e 34, solicitará á autoridade competente, por escrito, a liberación das condicións impostas pola garantía financeira ou equivalente asociada a este concepto coa excepción, se procede, das referentes ao mantemento e control posterior á clausura da instalación de residuos mineiros.

5. Non será necesaria a constitución da garantía regulada neste artigo para os seguintes residuos mineiros, a menos que sexan depositados nunha instalación de categoría A:

- a) Residuos mineiros inertes, residuos mineiros non inertes non perigosos e solo non contaminado procedentes da investigación e aproveitamento de recursos minerais.
- b) Residuos mineiros procedentes da investigación e aproveitamento de turba.
- c) Residuos mineiros non perigosos procedentes da investigación de recursos minerais, excepto cando se trate da investigación de evaporitas distintas do xeso e anhidrita.

## TÍTULO III

## Inspeccións e efectos transfronteirizos

Artigo 44. *Inspeccións pola autoridade competente.*

1. A autoridade competente inspeccionará, polo menos con periodicidade anual desde o comezo das actividades de extracción, a explotación, preparación, concentración e beneficio dos recursos minerais, para asegurarse de que se cumpren as condicións da autorización do plan de restauración a este respecto.

A autoridade competente inspeccionará, antes do comezo das actividades de vertedura e, a partir de ese momento con periodicidade polo menos anual, incluída a fase posterior ao peche, as instalacións de residuos mineiros, en caso de existiren, para asegurarse de que se cumpren as condicións da autorización do plan de restauración a este respecto.

A verificación do cumprimento de tales condicións por parte da autoridade inspectora non reducirá en modo ningún a responsabilidade da entidade explotadora conforme as condicións da autorización do plan de restauración.

2. A autoridade competente poderá requirir que as inspeccións a que fai referencia o número anterior as realice un organismo de control que cumpra o disposto no anexo III.

3. En todos os casos a entidade explotadora incluírá no libro rexistro definido no artigo 32 un rexistro das inspeccións, xunto cos documentos pertinentes, que poñerá á disposición da autoridade competente para a súa inspección.

Artigo 45. *Efectos transfronteirizos.*

1. Cando a explotación ou operación dunha instalación de residuos mineiros da categoría A poida ter efectos adversos significativos no ambiente, e provocar así un risco calquera para a saúde humana, noutro Estado membro, ou cando un Estado membro que se poida ver seriamente afectado así o solicite, a autoridade competente da comunidade autónoma comunicará ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación os datos presentados conforme a autorización do plan de restauración no mesmo momento en que os poña á disposición do seu propio público nacional, para que este poida pola súa vez comunicarllo ao Estado membro que se puidese ver afectado ou que o solicitase.

Ademais, será de aplicación, dentro do trámite de avaliación ambiental que puidese ser pertinente, o disposto no artigo 11 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Eses datos servirán de base para as consultas que resulten necesarias no marco das relacións bilaterais entre ambos os Estados de acordo cos principios de reciprocidade e igualdade de trato.

2. En caso de accidente nunha instalación de residuos mineiros como a descrita no número 1 deste artigo, a información facilitada pola entidade explotadora á autoridade competente da comunidade autónoma será tamén remitida ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para que este o transmita ao Estado membro que se puidese ver afectado, para contribuír a reducir ao mínimo as consecuencias do accidente para a saúde das persoas e para avaliar e reducir ao mínimo a magnitude do dano ambiental que se producise ou que se poida producir.

3. A petición de datos por parte dos interesados respecto aos posibles efectos transfronteirizos dunha instalación de residuos mineiros solicitarase ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

## TÍTULO IV

**Réxime sancionador**Artigo 46. *Réxime sancionador.*

1. O réxime sancionador aplicable no ámbito da protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades extractivas, regulado por este real decreto, será o previsto no artigo 121 da Lei de minas, modificado na Lei 12/2007, do 2 de xullo, na súa disposición adicional primeira, incluíndo, cando proceda, a caducidade do permiso de investigación, autorización ou concesión de explotación, no capítulo II do título VI da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, no referente á xestión dos residuos mineiros, e no capítulo V da Lei 26/2007, do 23 de outubro, no referente á responsabilidade ambiental.

2. Sen prexuízo do disposto no número anterior, cando o titular incumpra total ou parcialmente a realización do disposto no plan de restauración, de acordo co previsto no artigo 116.2 da Lei de minas, poderase acordar a suspensión provisional ou total dos traballos de investigación e aproveitamento.

Disposición adicional primeira. *Reservas do Estado.*

O disposto neste real decreto será aplicable ás zonas de reserva do Estado existentes no momento da súa entrada en vigor, que se considerarán, segundo sexan provisionais ou definitivas, como permisos de investigación ou concesións de explotación. Tamén será de aplicación ás zonas de reserva do Estado que se constitúan a partir da súa entrada en vigor.

Disposición adicional segunda. *Inventarios.*

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio realizarán antes do 1 de maio de 2012, en colaboración coas comunidades autónomas, un inventario das instalacións de residuos mineiros clausuradas, incluídas as instalacións de residuos mineiros abandonadas, situadas en territorio español, que teñan un impacto ambiental grave ou que se poidan converter a medio ou curto prazo nunha ameaza grave para a saúde ou seguranza das persoas e bens ou para o ambiente, e que será actualizado periodicamente.

O Ministerio de Sanidade e Política Social colaborará na realización do inventario en caso de instalacións de residuos mineiros que poidan causar unha ameaza grave para a saúde humana.

Disposición adicional terceira. *Mellores técnicas dispoñibles.*

A autoridade competente realizará o seguimento da evolución das mellores técnicas dispoñibles para a xestión dos residuos mineiros e das instalacións en que se depositan, incluso despois do seu peche. Para os efectos do anterior, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño facilitaránlle a información de que dispoñan sobre tales técnicas.

Disposición adicional cuarta. *Explotacións de carbón a ceo aberto. Aproveitamento racional destes recursos enerxéticos.*

1. Os titulares de todas as explotacións de carbón a ceo aberto deberán presentar para a súa aprobación, ante o órgano administrativo competente en minaría, un plan de explotación, para cada unha delas, respecto ao aproveitamento racional destes recursos enerxéticos. O órgano administrativo competente en minaría, á vista dos plans de explotación, poderá aprobalos, exixir ampliacións ou introducir modificacións neles, sen prexuízo de solicitar, de ser o caso, informe de outros organismos competentes. En calquera caso, a presentación deste plan de explotación deberá ser simultánea á do plan

de restauración previsto neste real decreto, e a súa aprobación conxunta polo órgano competente en minaría.

2. A obrigatoriedade da execución dos plans de explotación aprobados terá a consideración de condición especial do título concesional para os efectos previstos na Lei de minas.

3. Unha vez aprobados os plans de explotación, os sucesivos plans de labores que anualmente os desenvolven en virtude da vixente Lei de minas axustaranse ao programa de actividades e calendario previstos naqueles. Se máis adiante se modificar o plan de explotación, por razóns de xacigo, circunstancias ambientais, tecnolóxicas ou calquera outra, o plan de restauración deberase adaptar e coordinar simultaneamente ao novo plan de explotación.

4. A elaboración dos plans de explotación das explotacións de carbón a ceo aberto, regulados nos números anteriores desta disposición, realizarase cumprindo coas normas contidas no anexo V deste real decreto.

Disposición adicional quinta. *Obriga de informar a Comisión Europea.*

1. Cada tres anos a Administración xeral do Estado, sobre a base dos datos presentados polas comunidades autónomas, remitirá á Comisión Europea un informe sobre a aplicación deste real decreto no referente á xestión dos residuos mineiros. Ese informe elaborárase sobre a base do cuestionario ou esquema aprobado pola Comisión na correspondente decisión e enviaráselle a esta dentro dos nove meses seguintes á expiración do dito período de tres anos.

2. Ademais, anualmente a Administración xeral do Estado, sobre a base dos datos presentados polas comunidades autónomas, remitirá á Comisión Europea información sobre os sucesos notificados polas entidades explotadoras conforme o disposto nos artigos 32 e 35. Esa información poñerase, así mesmo, á disposición do público interesado que o solicite.

Disposición adicional sexta. *Recoñecemento de garantías.*

1. En aplicación do principio de libre prestación de servizos fronteirizos recollido no artigo 49 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, recoñeceranse as garantías financeiras equivalentes ás previstas neste real decreto, de que dispoñan as entidades explotadoras previstas nesta norma establecidas noutros Estados membros da Unión Europea.

2. O depósito destas garantías ante a autoridade competente española deberá ser acompañado de tradución para unha lingua oficial no ámbito territorial daquela, e de declaración, formulada baixo a responsabilidade de quen a emita, de cumprir cos requisitos deste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Instalacións de residuos mineiros en funcionamento.*

1. As instalacións de residuos mineiros que viñesen sendo explotadas o 1 de maio de 2008 dispoñerán ata o 1 de maio de 2012 para se adecuaren ás disposicións deste real decreto, salvo no que se refire ao disposto no artigo 43.1, caso en que o prazo será ata o 1 de maio de 2014, e as disposicións mencionadas no artigo 30.3 para as cales a conformidade debe quedar garantida conforme o calendario fixado no propio artigo.

2. O número anterior non se aplicará ás instalacións de residuos mineiros pechadas en 1 de maio de 2008.

3. O disposto neste real decreto en relación ao plan de xestión de residuos e ás garantías financeiras ou equivalentes que derivan del non se aplicará ás instalacións de residuos mineiros en que se dea algunha destas tres circunstancias:

- a) Que deixasen de aceptar residuos mineiros antes do 1 de maio de 2006.
- b) Que estean ultimando os procedementos de clausura de conformidade coa anterior lexislación vixente.
- c) Que vaian quedar definitivamente clausuradas en 31 de decembro de 2010.

A autoridade competente da comunidade autónoma comunicará estes casos á Administración xeral do Estado, para que esta poida pola súa vez notificarlo á Comisión Europea. A autoridade competente garantirá, así mesmo, que estas instalacións se xestionen de modo que non prexudiquen o logro dos obxectivos deste real decreto, en particular, os previstos nos artigos 3.2 e 17.2, así como os da normativa de protección das augas.

Disposición transitoria segunda. *Expedientes en tramitación.*

Os expedientes que estivesen en tramitación no momento de entrada en vigor deste real decreto instruiranse conforme a anterior lexislación aplicable, sen prexuízo de que lles sexa de aplicación a disposición transitoria primeira.

Disposición transitoria terceira. *Prazo máximo para a constitución da garantía financeira ou equivalente para a rehabilitación do espazo natural afectado pola explotación, preparación, concentración e beneficio de recursos minerais.*

Os titulares de aproveitamentos activos no momento da entrada en vigor deste real decreto deberán ter constituída a garantía financeira a que se refire o artigo 42 antes do 1 de xaneiro de 2010.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que contraveñan ou se opoñan ao establecido neste real decreto, en particular:

1. Real decreto 2994/1982, do 15 de outubro, sobre restauración do espazo natural afectado por actividades mineiras.
2. Real decreto 1116/1984, do 9 de maio, sobre restauración do espazo natural afectado polas explotacións mineiras de carbón a ceo aberto e o aproveitamento racional destes recursos enerxéticos.
3. Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 13 de xuño de 1984, sobre normas para a elaboración dos plans de explotación e restauración do espazo natural afectado polas explotacións de carbón a ceo aberto e o aproveitamento racional destes recursos enerxéticos.
4. Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 20 de novembro de 1984, pola que se desenvolve o Real decreto 2994/1982, do 15 de outubro, sobre restauración do espazo natural afectado por actividades mineiras.
5. Orde do Ministerio de Industria e Enerxía, do 26 de abril de 2000, pola que se aproba a Instrución técnica complementaria 08.02.01 do capítulo XII do Regulamento xeral de normas básicas de seguranza mineira «Depósitos de lodos en procesos de tratamento de industrias extractivas».

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito comunitario europeo.*

Mediante este real decreto incorpóranse ao dereito español todas as disposicións da Directiva 2006/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2006, sobre xestión de residuos das industrias extractivas e pola que se modifica a Directiva 2004/35/CE, excepto o que se refire no seu artigo 15 á responsabilidade ambiental, que xa foi incorporado ao dereito español por medio da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico e título competencial.*

1. Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.<sup>a</sup> da Constitución española, que reserva para o Estado a competencia en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente.
2. Non obstante, os artigos 2, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 11, 13, 14, 15, 36, 44, 45 e 46, así como as disposicións adicionais terceira e cuarta e as disposicións transitorias segunda e

terceira deste real decreto, que igualmente teñen carácter básico, dítanse ao abeiro do artigo 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases do réxime mineiro e enerxético. Pola súa vez, o título II constitúe lexislación básica de seguros ditada ao abeiro do artigo 149.1.11.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para a actualización dos anexos.*

Habílitáanse o ministro de Industria, Turismo e Comercio e a ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para aprobaren, mediante orde, as disposicións necesarias para actualizar o contido dos anexos deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

#### ANEXO I.a

##### Caracterización de residuos mineiros

1. Os residuos que se vaian depositar nunha instalación deberanse caracterizar de tal maneira que quede garantida a estabilidade física e química a longo prazo da estrutura da instalación e se eviten accidentes graves. A caracterización dos residuos incluírá, cando proceda e de acordo coa categoría da instalación de residuos, os seguintes aspectos:

- a) Descrición das características físicas e químicas previstas dos residuos que se deban verter a curto e longo prazo, con referencia particular á súa estabilidade nas condicións atmosféricas/meteorolóxicas reinantes en superficie, tendo en conta o tipo de mineral ou minerais extraídos e a natureza de calquera terreo de recubrimento ou mineral de ganga que se desprace no curso das operacións de extracción;
- b) Clasificación dos residuos segundo a entrada pertinente da Decisión 2000/532/CE, con especial atención ás súas características perigosas;
- c) Descrición das substancias químicas que se deban utilizar durante o tratamento do recurso mineral e da súa estabilidade;
- d) Descrición do método de vertedura;
- e) Sistema de transporte de residuos que se vaia utilizar.

2. Establécese esta caracterización dos residuos mineiros, sen prexuízo do previsto no artigo 22.1.e) da Directiva 2006/21/CE do Parlamento e do Consello, do 15 de marzo de 2006, sobre xestión dos residuos de industrias extractivas e pola que se modifica a Directiva 2004/35/CE. En consecuencia, os requirimentos técnicos necesarios definidos pola Comisión Europea serán de directa aplicación no noso ordenamento unha vez aprobados pola dita institución da Unión Europea.

#### ANEXO I.b

##### Definición de residuos mineiros inertes

1. Entenderase por residuo mineiro inerte aquel que non experimente ningunha transformación física, química ou biolóxica significativa. Os residuos inertes non son solubles nin combustibles, nin reaccionan física nin quimicamente de ningunha outra maneira, nin son biodegradables, nin afectan negativamente outras materias coas cales

entran en contacto, de forma que poidan provocar a contaminación do ambiente ou prexudicar a saúde humana. A lixivialidade total, o contido de contaminantes neles e a ecotoxicidade do lixiviado deberán ser insignificantes e, en particular, non deberán supoñer risco para a calidade das augas superficiais nin subterráneas.

2. Esta definición de residuo mineiro inerte establécese coa reserva do que, de acordo co previsto no artigo 22.1.f) da Directiva 2006/21/CE, determine a Comisión Europea, cuxa decisión ao respecto será de directa aplicación no noso ordenamento.

## ANEXO II

### Clasificación de instalacións de residuos mineiros

1. Unha instalación de residuos clasificarase na categoría A:

a) Se conforme unha avaliación do risco realizada tendo en conta factores tales como o tamaño actual ou futuro, a localización e o impacto ambiental da instalación de residuos, se puidese producir un accidente grave como resultado dun fallo ou un funcionamento incorrecto, por exemplo o colapso dunha entulleira ou a rotura dunha presa, ou

b) Se contén residuos clasificados como perigosos conforme a Directiva 91/689/CEE por riba dun limiar determinado, ou

c) Se contén substancias ou preparados clasificados como perigosos conforme as directivas 67/548/CEE ou 1999/45/CE por riba dun limiar determinado.

2. Esta clasificación de instalacións de residuos mineiros poderase ver modificada como consecuencia dos criterios de clasificación que, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g) da Directiva 2006/21/CE, estableza a Comisión Europea e que serán de directa aplicación no noso ordenamento.

## ANEXO III

### Organismos de control

Entenderase por organismo de control calquera entidade pública ou privada que, reunindo determinados requisitos, verifique o cumprimento das disposicións deste real decreto mediante auditorías e inspeccións dos aproveitamentos de recursos mineiros e os seus servizos e instalacións anexas.

Os organismos de control a que se refiren os artigos deste real decreto deberán estar acreditados pola empresa nacional de acreditación no campo das materias específicas deste real decreto, cumprindo, no non especificamente regulado nel, o disposto no capítulo IV do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

A autorización dos organismos de control que realicen a verificación das exixencias deste real decreto, que terá carácter renovable, corresponde ao órgano competente en minaría da comunidade autónoma onde os organismos inicien a súa actividade ou radique a súa sede social. A autorización terá validez para todo o Estado español.

A actuación nunha comunidade autónoma diferente á que concedeu a autorización comunicarase á autoridade competente, xuntando o documento que avale a autorización. O organismo de control está obrigado a comunicar ás autoridades competentes onde actuou calquera incidencia de ampliación, limitación ou suspensión de actividades que lle impoña a autoridade competente que concedeu a autorización.

Toda autoridade competente que detecte unha actuación irregular nun organismo de control dará conta dela á autoridade competente que concedeu a autorización, que poderá iniciar actuacións para, se procede, retirar a autorización.

Cando unha empresa, por requirimento da autoridade competente, solicite o informe dun organismo de control, poderá seleccionar libremente o organismo de control ao cal encargar o disposto neste real decreto de entre todos os rexistrados previamente na comunidade autónoma que fosen acreditados especificamente nas materias que se



desenvolven. A empresa non lle poderá limitar o acceso ao aproveitamento e aos seus servizos e instalacións anexos ao organismo de control nin poderá dificultar as actuacións, e deberá colaborar.

No ámbito deste real decreto, a Comisión de Seguranza Mineira asumirá as funcións que as alíneas b) a f) do número 4 do artigo 18 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, establecen para o Consello de Coordinación da Seguranza Industrial.

## ANEXO IV

### Garantías financeiras e inspeccións

As garantías financeiras e inspeccións a que se refire este anexo axustaranse ás establecidas nas guías ou directrices técnicas aprobadas pola Comisión Europea, conforme o previsto no artigo 22.1.c) e d) da Directiva 2006/21/CE e que serán de directa aplicación no noso ordenamento.

## ANEXO V

### Normas para a elaboración dos plans de explotación na minaría do carbón a ceo aberto

Os plans de explotación para as explotacións de carbón a ceo aberto elaboraranse cumprindo a seguinte normativa:

1. Introducción.–Titular da explotación que presenta o plan e razóns deste.
2. Antecedentes.

2.1 Situación xeográfica da explotación. Descrición dela acompañada de plano topográfico referido á proxección UTM, a escala suficiente para a súa correcta interpretación –mínimo 1/5.000– con curvas de nivel e accidentes principais do terreo, que abrangan a área de explotación e o seu contorno. Nel figurarán:

Os accesos, núcleos de poboación, edificacións illadas, vías de transporte, liñas eléctricas e demais infraestrutura da zona, terreos afectados identificando os de propiedade pública e privada –con indicación do número de parcelas e propietarios– e os límites das concesións de explotación. Sobre o dito plano situarase a corta coa súa zona de seguranza, pistas de acceso e transporte, instalacións de residuos mineiros e instalacións e servizos auxiliares

3. Estudos básicos do xacigo e da zona en explotación ou que se vai explotar.–Os plans terán unha base suficiente de coñecementos para a interpretación do xacigo, o cálculo de reservas, a definición de parámetros de deseño de corta e entulleiras, elección do método de explotación e planificación da produción.

3.1 Estudos xeolóxicos e investigacións realizadas. Estudo xeolóxico xeral do xacigo e descrición dos labores de investigación realizados, incluíndo os datos máis significativos obtidos nas campañas previas de prospección, afloramentos, catas, pozos, sondaxes, labores subterráneos levados a cabo por calquera explotador –distinguindo os abandonados dos que se encontren en actividade–, cortas próximas, etc.

O plan deberá dar unha información para o cálculo das reservas que se definan como moi probables, de tal forma que os datos puntuais en cada zona equivallan a unha malla non maior de 200 x 200 metros sobre capa, segundo sexa a regularidade da formación.

3.2 Estudos xeotécnicos. Definición de noiros de corta e das instalacións de residuos mineiros. Os ángulos dos noiros calcularanse tendo en conta os seguintes factores:

Parámetros xeométricos, propiedades litolóxicas e estruturais, propiedades xeomecánicas dos materiais, características hidroxeolóxicas da zona, sismicidade da rexión, duración prevista dos noiros de corta en caso de seren cubertos por recheos de estéril, características da base de apoio das instalacións de residuos e efectos dos minados.

Para os efectos de xustificar os datos básicos anteriores realizaranse os estudos xeotécnicos necesarios. En calquera caso os noiros finais deberán satisfacer un factor de seguranza superior a 1,20 con datos tanto máis precisos canto maior sexa a profundidade da corta, as dimensións das entulleiras e as características desfavorables dos materiais, sinalando a distancia final dos seus respectivos límites a instalacións e/ou edificios.

3.3 Estudos hidroxeolóxicos e hidrolóxicos de superficie. Faranse coa exactitude requirida segundo as dimensións de corta e das instalacións de residuos mineiros e a importancia das achegas acuíferas.

Niveis freáticos dos acuíferos permanentes ou de certa entidade, achegas superficiais de auga.

Parámetros para a drenaxe ou bombeo de augas.

Datos para o cálculo das defensas contra augas superficiais.

Situación e posibles achegas de minados antigos.

3.4 Outros estudos. Se o volume da operación e características desfavorables dos materiais o requiren deberanse presentar os estudos específicos que se determinen, tales como estudos sísmicos, testificacións xeofísicas, etc.

4. Características da zona do xacigo que se vai explotar.–Estratigrafía e disposición estrutural.–Resumo dos datos mineiros extraídos da investigación:

Relación e características das capas explotables a ceo aberto: potencias con desagregación suficiente para a aplicación dos criterios de selectividade, disposición estrutural, rumbos e inclinacións, análises completas do carbón bruto de cada capa, densidade, características das paredes e facilidade de desapegamento con vistas á selectividade.

Características do estéril intercapas e de recubrimento: definición dos diversos tramos, potencias, características litolóxicas e físicas en relación co método de arrinca. Coeficientes de esponxamento do estéril solto e compactado en vertedoiro.

Se se trata de novas explotacións, xustificarase a elección da área que se vai explotar, caso de existiren outras posibilidades dentro da concesión mineira.

5. Deseño da explotación e cálculo das reservas que se van explotar.

5.1 Criterios de selectividade. Definición de carbón explotable. Fixación de criterios para definir as potencias mínimas de carbón explotable, carbón recuperado en cada capa e estéril que se lle incorpora e calidades mínimas de carbón a explotar en relación co mercado. Coeficientes para a conversión de reservas *in situ*, a carbón bruto extraído e deste a vendible.

5.2 Criterios para a delimitación xeométrica da explotación. Con obxecto de verificar se o plan responde a criterios racionais de aproveitamento, presentaranse os seguintes estudos:

Para coñecemento do conxunto do xacigo na zona que se vai explotar, deseñárase un modelo xeométrico de corta, aplicando os parámetros previamente adoptados, que optimice o aproveitamento; sobre este deseño determinarase a curva de ratio-recursos, para valores crecentes da ratio, con suficiente amplitude para poder determinar qué parte dos recursos é economicamente explotable a ceo aberto.

Se a corta proxectada non consegue a total explotación lateral da unidade xeolóxica, ao estar situada parte dela en concesións lindeiras, facilitarase a información dispoñible para que o órgano competente en minaría poida decidir sobre a conveniencia de que se realice unha explotación máis racional para o conxunto mediante acordo entre os titulares das explotacións lindeiras ou formación dun couto mineiro.

5.3 Datos básicos económicos. Para establecer o modelo económico da explotación e calcular a súa ratio media –relación do total de metros cúbicos de estéril *in situ* a remover dividida polo total de toneladas a extraer– determinaranse os seguintes datos básicos:

Custo total medio do metro cúbico de estéril *in situ* movido e transportado a vertedoiro.

Custo total medio da tonelada de carbón vendible movida transportada a planta de tratamento, tratada e posta en centro de comercialización.

Repercusión por tonelada vendible dos custos de rehabilitación e protección do espazo natural.

Prezo medio de venda por tonelada, en función do das diversas fraccións comerciais e das súas calidades, en punto de comercialización.

#### 5.4 Determinación dos límites e profundidade da corta. Ratio media económica.

5.4.1 Para os efectos de estimar os límites aproximados de corta, en especial a súa profundidade, para o aproveitamento racional destes recursos enerxéticos e dentro duns criterios indicativos xerais, farase o cálculo da ratio media económica da explotación igualando os custos de produción, en función da ratio, co prezo de venda por tonelada diminuído no 15 por 100 do investimento realizado por tonelada/ano, de acordo coa seguinte fórmula:

$$C_{tm/TV} \text{ (en función da ratio)} = P_{mv/TV} - 0,15 i.$$

$C_{tm/TV}$  = custo total medio por tonelada vendible, considerando variable a ratio.

$P_{mv/TV}$  = prezo medio de venda por tonelada.

$i$  = investimento fixo total que se vai realizar, dividido pola produción anual de réxime en toneladas vendibles.

Dela obterase a ratio económica media, que se considerará mínima para determinar o deseño de corta ou escavación.

No custo total medio por tonelada vendible, a euros constantes, en función da ratio incluírase:

Custo total do metro cúbico de estéril *in situ* removido que será multiplicado pola ratio.

Custo total da tonelada de carbón vendible producida, tratada e transportada ata punto de comercialización.

Repercusión, por tonelada vendible, dos custos totais de restauración e protección do espazo natural afectado pola explotación, incluídos, de ser o caso, os correspondentes á restauración dos efectos negativos ocasionados anteriormente por labores a ceo aberto.

Gastos xerais da explotación a ceo aberto por tonelada vendible.

Amortización por tonelada vendible dos activos correspondentes á explotación a ceo aberto non incluídos nos custos totais anteriores.

Gastos financeiros totais por tonelada vendible. Serán calculados por aplicación do tipo de xuro básico do Banco de España aos valores do inmovilizado bruto, excluído o inmovilizado financeiro, realizada para a explotación a ceo aberto.

Para os efectos exclusivos deste cálculo, no caso de explotacións arrendadas a tanto global ou canon por tonelada, estas cifras non se considerarán gastos para determinar o custo por tonelada.

No investimento por tonelada ano producida considerarase o total dos investimentos acreditados no plan de explotación, sen incluír os de reposición, cos cales se determinará unha ratio media provisional da explotación, que deberá ser actualizada unha vez realizados e debidamente xustificadas ante o órgano competente en minaría os investimentos definitivos.

Este cálculo da ratio media non será exixido no caso das explotacións de lignito pardo.

5.4.2 A ratio media calculada anteriormente considerarase mínima para todas as explotacións de carbón a ceo aberto salvo naqueles casos en que se consiga a extracción total das reservas enerxéticas cunha ratio inferior, como poden ser os debidos a unha disposición vantaxosa do xacigo ou limitación obrigada por labores subterráneos xa realizados.

Así mesmo, poderá non considerarse mínima a dita ratio media, nos casos en que o titular da explotación propoña un proxecto de aproveitamento racional do xacigo mediante unha explotación mixta, subterránea e a ceo aberto, para a súa realización conxunta e sucesiva coa debida programación no tempo, que poida ser aceptado polo órgano

competente en minaría, determinándose tecnicamente cal dos dous tipos de explotación se deba levar adiantada.

5.5 Delimitación da explotación. Diseñárase a solución final máis adecuada da corta, desde o punto de vista do aproveitamento das reservas, correspondente á ratio media antes calculada, como resultado da aplicación dos noiros xerais, largo de fondo e pistas de transporte adoptados e os criterios de selectividade e coeficientes de conversión do carbón bruto a vendible, determinando a altura dos bancos e bermas de transporte e seguranza.

Deseñada esta corta, baixo o punto de vista económico da ratio media, planificarase a secuencia da extracción do carbón e estéril, de forma que se consiga na extracción deste último unha repartición uniforme ao longo do tempo co adianto necesario, sen limitala exclusivamente ao descubrimento do carbón, co fin de evitar, en caso de non seguirse esta práctica, desequilibrios anuais na produción que dean como resultado exercicios económicos negativos.

Non obstante, se por circunstancias especiais do xacigo se xustificase a eliminación de determinadas zonas ou capas de carbón marxinais, ao producir a súa explotación resultados claramente antieconómicos, o órgano competente en minaría poderá aceptar unha ratio media inferior á calculada anteriormente. Do mesmo modo, os plans de labores anuais poderán axustar os parámetros técnicos e económicos da corta, de se produciren modificacións significativas, con suxeición ao método xeral establecido.

Presentaranse os seguintes planos da explotación delimitada, a escala suficiente para a súa correcta interpretación:

Plano topográfico con situación de afloramentos, labores de investigación, explotacións subterráneas, etc.

Plano de planta da corta deseñada con posición final, bordo superior e fondos.

Cortes verticais representativos de cada unha das zonas diferenciadas da corta, en número suficiente para súa comparación e cubicación.

5.6 Cubicación do carbón e estéril. Cubicación detallada e razoada por zonas e profundidades, en toneladas, do carbón bruto e vendible, utilizando o método máis apropiado. Calidades medias do carbón bruto e das diversas fraccións do vendible.

Cubicación en metros cúbicos *in situ* do estéril que se vai remover e a súa distribución segundo o método de arrinca.

5.7 Coexistencia de labores subterráneos cos de ceo aberto. Neste caso estudaranse, para seren tidos en conta, os efectos recíprocos entre ambos, incluídos os relativos ás augas e propoñeranse as oportunas medidas de protección e seguranza. No caso de coincidencia temporal destas explotacións levaranse a efecto os estudos pertinentes ao xuízo do órgano competente.

## 6. Estudo mineiro.

6.1 Datos básicos. Niveis de produción. Produción de carbón bruto e vendible en toneladas ano. Xustificación do ritmo elixido. Movemento de estéril en metros cúbicos/ano *in situ* e esponxados.

Organización do traballo. Días laborables/ano, revezamentos/día, horas/revezamento, horas/ano. Modalidade segundo se trate de administración, contrata ou mixta.

### 6.2 Método de explotación.

6.2.1 Descrición do sistema elixido.

6.2.2 Equipo de maquinaria. Determinación do tipo e número de máquinas necesarias para o conxunto das operacións que se vaian realizar.

6.2.3 Cadro de persoal total necesario, desagregado o propio e o contratado, horas/día, revezamentos/día, horas/ano e rendementos.

6.2.4 Apertura da mina. Cálculo do movemento de estéril necesario para descubrir o carbón e asegurar a produción programada, cun adianto mínimo dun mes.

Ocos finais. Definición dos ocos finais caso de se produciren.

## 7. Infraestrutura necesaria.

7.1 Obras que se van realizar:

Obras de desvío e protección da infraestrutura existente, cursos de auga, vivendas, etc.

Obras de drenaxe e desaugamento.

Pistas de acceso á corta e de transporte aos vertedoiros, instalacións auxiliares e enlaces da mina coa rede viaria. Todas elas quedarán reflectidas no plano da explotación.

7.2 Instalacións auxiliares principais. Breve descrición delas.

Planta de tratamento do carbón, parques de almacenamento e balsas de decantación.

Talleres e estación de servizo (disposición e superficie).

Oficinas, almacéns, aseos, cuarto de primeiros auxilios (disposición e superficie).

Alimentación eléctrica (capacidade e descrición).

Alimentación de auga industrial e potable (necesidades e descrición).

Desaugamentos e bombeos cando sexan precisos e acondicionamento das augas antes da entrega á rede fluvial, cando sexa necesario.

Outras instalacións.

8. Planificación da explotación.—A planificación dos plans de explotación durante o tempo previsible de duración da corta, ata o esgotamento dos recursos explotables, será desenvolvida en períodos claramente definidos, como mínimo de cinco anos, sempre que a súa duración sexa superior.

Nela incluírase a planificación xeral da mina e das entulleiras, así como das reservas que se van explotar coa súa definición, producións brutas e vendibles, metros cúbicos de estéril removidos e ratios previstas. A programación do estéril removido realizarase, co adianto necesario sobre a produción, uniformemente ao longo da vida da explotación.

Desenvolverase o primeiro período co detalle suficiente para a súa completa definición a modo de proxecto definitivo de explotación correspondente ao dito período. Posteriormente, e co adianto sucesivo necesario, deberanse presentar para a súa aprobación os desenvolvementos de detalle dos períodos seguintes.

Realizarase a planificación detallada para cada un dos anos do primeiro período, de idéntica forma, incluíndo as fases de desmonte inicial.

Nas planificacións anteriores incluíranse as operacións referentes ao plan de restauración.

9. Investimentos, valoración e calendario.

9.1 Terreos.

9.2 Obras de desvío e protección.

9.3 Pistas de acceso e transporte.

9.4 Investigación inicial: valoración dos estudos e labores de investigación previos ao plan.

9.5 Maquinaria: enumeración e valoración da descrita anteriormente.

9.6 Planta de tratamento do carbón, parques de almacenamento e balsas de decantación.

9.7 Outras instalacións auxiliares.

9.8 Desmonte inicial. Valoración do movemento de estéril deducido no punto 6.2.4.

9.9 Outros investimentos.

10. Previsión de custos.—Previsión de custos por tonelada vendible, adaptados ao Plan xeral de contabilidade para a minaría do carbón a euros constantes do ano en que se establece o plan e para a situación e situacións de réxime.

11. Réxime da operación.—O titular da explotación facilitará toda a información e os datos precisos, mesmo aínda cando a totalidade ou parte dos labores se realicen en réxime de contrata. Neste suposto achegará separadamente a correspondente ao contratista e á propia empresa.